



MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Física

Curso Académico: 2020/2021

Aprobada na Comisión de Calidade e Docencia: 9/5/2022

Aprobada pola Xunta de Facultade: 10/5/2022

Índice

1. Introdución	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados	5
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	5
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos	53
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	58
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos	65
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	71
Directriz 6. Información pública	74
3. Plan de Melloras do centro	76
4. Modificacións nos diferentes títulos	111
5. Listaxe de evidencias e indicadores	113

1. Introducción

A memoria de calidade da Facultade de Física recolle a análise de funcionamento global das titulacións impartidas no centro e a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) seguindo o Procedemento de Revisión e mellora (PE-02) do Manual de Procesos do SGC.

1.1 Estructura do centro para o desenvolvemento do SGC

Na Facultade de Física os órganos competentes encargados de realizar o deseño e seguimento do SGC así como da elaboración da Memoria de Calidade son os seguintes:

- Equipo Decanal (ED)
- A Comisión de Calidade e Docencia (CCD) da Facultade de Física
- Responsable de Calidade
- Comisións de Título
- Coordinadores de Título
 - o Grao en Física (GF): M^{ra} Elena López Lago
 - o Máster en Física (MUF): M^{ra} Elena López Lago
 - o Máster en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sostible (MERYCSE): José Antonio Rodríguez Añón.

1.2 Procedemento para a elaboración da Memoria de Calidade

Dacordo ao establecido no Procedemento de Revisión e mellora (PE-02) o procedemento para a elaboración da Memoria de Calidade realízase en dúas fases: primeiro o Equipo Decanal recolle información previa dos indicadores dispoñibles no Sistema de Garantía de Calidade e calquera outra fonte que considere apropiada. Durante a elaboración da Memoria, recóllese información dos diferentes grupos de interese. Nunha segunda fase, a Comisión de Calidade e Docencia da Facultade de Física de Física, revisa a memoria e propón os cambios e melloras necesarias.

A Memoria de Calidade é sometida á aprobación primeiro da CCD do centro e posteriormente da Xunta de Facultade. A revisión do funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus procesos realizarase, polo menos, con carácter anual.

1.3 Estructura do Centro

A Estructura do Centro está rexida polo [Regulamento de Réxime Interno](#)

As funcións e composición da Xunta de Facultade e das comisións delegadas están reguladas polo Regulamento de Réxime Interno da Facultade

1.3.1 Titulacións impartidas

As titulacións adscritas ao centro no curso 2020/2021:

- G1031V01-Grao en Física
- P1211V01-Máster Universitario en Física (MUF)

- P1231V01-Máster Universitario en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable (MERYCSE)

Asimesmo, oferta dous dotes Graos:

- Dobre Grao en Física e Química
- Dobre Grao en Matemáticas e Física (adscrito á Facultade de Matemáticas)

1.3.2 Documentación de referencia e órganos de goberno do centro

O centro ríxese pola seguinte documentación de referencia:

O centro ríxese pola seguinte documentación de referencia:

- Normativa autonómica e estatal.
- Normativa xeral da USC
- Normativa Plurianual
- Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Física.
- Regulamentos de Réxime Interno dos departamentos adscritos
- Manual do Sistema de Garantía de Calidade
- Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade
- Plano Estratéxico da Facultade de Física
- Memoria do Grao en Física.
- Memoria do Máster en Física.
- Memoria do Máster en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sostible

Outros regulamentos:

- [Regulamento de prácticas académicas externas](#)
- [Regulamento de Honras e Distincións](#)
- Regulamento de [Traballo Fin de Grao](#)
- Regulamento do [Traballo Fin de Máster en Física](#)
- Regulamento do [Traballo Fin de Máster en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sostible](#)
- Regulamento asignación de espazos

No curso 2020-2021 publicáronse distintas resolucións reitorais e instrucións de Xerencia ou da Secretaría Xeral para adaptar o funcionamento da universidade á situación sociosanitaria.

De acordo cos estatutos da USC, o órgano de goberno da facultade de Física son:

- Xunta de Facultade
- Comisións Delegadas da Xunta de Facultade:

- Comisión de Calidade e Docencia.
- Comisión Académica do Grao en Física
- Comisión Académica do Máster en Física
- Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos.

As funcións e composición da Xunta de Facultade e das comisións delegadas están reguladas polo Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Física (aprobado en Consello de Goberno 27/09/2019)

1.4 Cambios ou modificacións

No curso 2020-2021 realizáronse modificacións no [Código Normativo COVID_19](#) co fin de adaptar a actividade docente e procesos do SGC ás condicións sanitarias derivadas do COVID-19 e a normativa estatal e autonómica.

O centro organizou as actividades académicas seguindo a Resolución Reitoral do 27 de Agosto de 2020 (RR-27/08) e a Resolución Reitoral do 2 de Setembro de 2020 (RR-02/09). Dentro dos posibles escenarios identificados nas "Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021", a Facultade de Física optou por aplicar o Escenario 2 para o inicio do curso 2020/2021 debido a non dispoñer de aulas con capacidade suficiente para albergar ao alumnado nas condicións de distanciamento social (1.5 m). Este escenario mantívose con lixeiras modificacións ao longo de todo o ano académico.

As medidas concretas e específicas a seguir para unha docencia semipresencial correspondente co Escenario 2, aparecen deseñadas nos seguintes documentos: "Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021", e "Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021".

Dacordo coa resolución reitoral (RR-02/09), o centro elaborou un protocolo de aplicación das medidas xerais de prevención e control sanitario para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021. O devandito protocolo, que foi remitido a Xerencia e á Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional, inclúe información sobre a organización da docencia e a metodoloxía a aplicar en función do distanciamento social permitido, as canles de comunicación, medidas de protección persoal, regulación das actividades e xestión de casos de COVID

Os informes de seguimento das tres titulacións adscritas ao centro recollen de maneira pormenorizada todas as accións levadas a cabo para posibilitar a impartición dunha docencia segura e de calidade. Un resumo co contido de ditas accións así como dos procesos aos que atinxe detallarase a continuación en cada unha das directrices da Memoria de Calidade.

1. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.

Aspectos que contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

A Facultade de Física conta cunha [política de calidade](https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-fisica) dispoñible na páxina web do centro <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-fisica>

A Facultade de Física comprométese, a través da súa política de calidade, a satisfacer as necesidades e expectativas dos seus grupos de interese: alumnado, personal docente e investigador e personal de administración e servizos, utilizando para o seu efecto todos os recursos técnicos, económicos e humanos a súa disposición. As accións levadas a cabo polo equipo decanal da Facultade de Física, dentro da súa política de calidade, responden á necesidade de progresar cara a excelencia, marcada polos modelos de calidade universitaria, e están baseadas na política de calidade da USC recollida no “Manual do Sistema de Garantía de Calidade” (MSGC) e no Manual de procesos da Facultade de Física.

O **Plano Estratéxico** elaborouse durante o segundo semestre do curso 2015/16. Aprobouse en Xunta de Facultade o 29/7/2016. Tras esta aprobación remitiuse á Area de Calidade para unha segunda revisión previa a aprobación por Consello de Goberno. No curso 2020/2021 solicitouse unha prórroga que requiriu introducir algunha modificación no mesmo para o seu aliñamento coa Programación Plurianual 2019-2022 da USC e as Liñas xerais da programación plurianual (actualización 2019-2022, aprobada no Claustro o 2/12/2020).

O 1 de Marzo de 2021 a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos informou favorablemente da proposta de Prórroga do Plan Estratéxico 2016-2020 da Facultade de Física, de conformidade co establecido na Resolución Reitoral de 7 de outubro de 2020 respecto aos instrumentos de planificación estratéxica da USC de cara aos procesos relacionados nos SGC dos Centros

A evolución dos obxectivos estratéxicos de cada unha das liñas en torno ás que se orienta o Plano Estratéxico do centro aparece detallado na seguinte táboa que amosa o grao de cumprimento do mesmo. Neste curso os obxectivos planificados nas catro liñas extratéxicas víronse reducidos parcialmente durante o segundo semestre a consecuencia da emerxencia sanitaria pola COVID-19.

EVOLUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO				
LIÑA ESTRATÉXICA 1: DOCENCIA				
OBXECTIVO	ACCIÓN	DATA	INDICADORES	GRAO DE CUMPLIMENTO
1. Incrementar a relación co ensino medio	a-Incentivar a Física en etapas previas, a través do contacto co ensino medio, facilitando o tránsito ensino medio-universidade b- Aumentar a demanda dos estudos de Física c-Estreitando o contacto con orientadores de centros de ensino medio d-Atraendo aos alumnos mais motivados e- Promover xornadas de orientación universitaria f- Participar en programas de captación de talento (Olimpiada de Física)	Curso 20/21	Participación en actividades organizadas: Programa A Ponte co ensino medio USC. Charlas en Temáticas en IES e MasterClass. Campus Científico de Verán Talleres en Ed Primaria Nº _de Xornadas de Portas Abertas Nº _de Encontros do ensino medio Notas de corte Informes CIUG Colaboración con el STEMBach	Totalmente acadado
2. Impulsar os dobres grao	a-Revisión periódica das memorias de simultaneidade de estudos. b-Atraer a alumnado motivado c-Adaptar normativa da USC	Curso 20/21	Notas de corte dos dobres graos Taxa de éxito, rendemento, avaliación, abandono, Informes CIUG Cursos de formación	Totalmente acadado
3. Optimizar os horarios	a-Adaptándose as necesidades de compatibilidade das dobres titulacións e os masteres	Curso 20/21	Enquisas de satisfacción de alumnado coa docencia recibida	Totalmente acadado

			Enquisas de satisfacción de profesorado coa docencia impartida I	
4. Fomentar a Mobilidade	<p>a- Mantendo, optimizando e creando novos convenios</p> <p>b- Incrementando a mobilidade entrante</p> <p>c- Promovendo a mobilidade do profesorado</p>	Curso 20/21	<p>Nº de Alumnos/as participantes nos programas de mobilidade saínte ERASMUS e SICUÉ.</p> <p>Nº de Alumnos/as participantes nos programas de mobilidade</p> <p>Nº de novos convenios</p>	Parcialmente acadado
5.Reforzar as competencias en inglés do alumnado	<p>a- Aumentar o número de TFG en inglés</p> <p>b- Número de guías docentes en galego, castelán e inglés</p>	Curso 20/21	<p>TFG</p> <p>Número de guías docentes en inglés</p> <p>Bibliografía utilizada</p>	Totalmente acadado
6.Fortalecer a oferta de prácticas externas	<p>a- Promovendo os convenios con empresas</p> <p>b- Programando xornadas física-empresa</p> <p>c- Organizando obradoiros de inserción laboral</p>	Curso 20/21	<p>Nº de Alumnos/as participantes e grao de satisfacción coas prácticas externas curriculares</p> <p>Nº de Alumnos/as participantes e grao de satisfacción coas prácticas externas extracurriculares</p> <p>Grao de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas</p> <p>Grao de satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas</p> <p>Nº de novos convenios</p> <p>Nº de xornadas de achegamento ao mundo empresarial</p>	Parcialmente acadado
7.Favorecer as actividades de innovación e culturais	<p>a- Ofertando actividades en competencias transversais</p> <p>-b Impulsando o plan</p>	20/21	<p>Número de actividades organizadas</p> <p>Porcentaxe da participación</p>	Parcialmente acadado

	<p>titorial e o programa de alumnos titores</p> <p>c-Apoiando os grupos e actividades de innovación docente, formación e profesorado</p> <p>d-Fomentando a participación do PDI en actividades de innovación educativa e formación de profesorado</p> <p>e- Promovendo actividades extraacadémicas, deportivas e culturais</p>		<p>do PDI no PFID</p> <p>Satisfacción media do PDI</p> <p>Satisfacción media do PAS</p> <p>Satisfacción media do alumnado</p>	
8. Estabilizar a oferta de máster	<p>a- Actualizar a oferta para facela atractiva (revisar especialidades, definición de itinerarios formativos)</p> <p>b-Facilitando ao estudantado o acceso a vías de financiamento, bolsas e contratos</p> <p>c- Reforzando as especialidades</p> <p>d-Visibilizando a oferta fora da USC</p> <p>e- Reestruturar a páxina web</p> <p>f- Concurrindo a convocatorias de excelencia</p>	20/21	<p>Número de alumnos matriculados na etapa de máster</p> <p>Número de alumnos matriculados na etapa de máster procedentes doutras universidades</p> <p>Satisfacción media do PDI</p> <p>Satisfacción media do alumnado</p> <p>Incremento da participación de egresados nas enquisas de satisfacción</p> <p>IN02M IN03M IN04M IN46M IN47M</p>	Totalmente acadado
9. Mellorar a coordinación	<p>a- Fortalecendo os mecanismos de coordinación</p> <p>b- Recoñecendo o esforzo do profesorado en labores docentes, de innovación, coordinación, etc...</p>		<p>Satisfacción media do alumnado</p> <p>Satisfacción media do PDI</p> <p>Incremento da participación de egresados nas enquisas de satisfacción</p> <p>Taxa de éxito, rendemento, avaliación, abandono</p>	Totalmente acadado

			IN46G IN47G IN48G IN35G IN36G IN40G IN41G	
LIÑA ESTRATÉXICA 2: INVESTIGACIÓN <i>Sendo conscientes de que gran parte da xestión da investigación recae de forma exclusiva nos departamentos, nos grupos de investigación e outras estruturas supragrupales, considerase importante o apoio que a facultade poida proporcionar de acordo coa súa capacidade de actuación</i>				
1-Impulsar a colaboración entre as estruturas de investigación e a Facultade	a- Apoiar as estruturas de investigación supragrupales nas que está integrado o PDI dos departamentos adscritos	20/21	Traballo de fin de grao e prácticas en grupos de investigación.	Totalmente acadado
2.Apoiar aos grupos de investigación	a-Proporcionando apoio administrativo b- Optimizando espazos c- Aproveitando e incorporando infraestructuras	20/21	Satisfacción media do PDI cos recursos materiais de PDI Satisfaccion media do PAS cos recursos materiais do PAS IN47G+INF.14 IN47M	Parcialmente acadado
3.Afianzar a presenza no contexto internacional	a- Consolidando as colaboracións existentes con centros, institucións e organización. b- Participando nos programas de intercambio internacional.	20/21	Estancias de investigadores en laboratorios e universidades internacionais	Totalmente acadado
4.Rexuvenecer a plantilla	a- Creando as condicións para atraer a persoal novo e cualificado b- Aproveitando os programas competitivos de captación de recursos humanos	20/21	Captación de persoal a través de programas Ramón y Cajal: 1	Parcialmente acadado
5. Soster os estudos de doutoramento	a- Mantendo e aumentando os doutoramentos de	20/21	Número de teses defendidas con mención cum laude e con mención internacional	Totalmente acadado

	excelencia b-Fomentando a colaboración coa escola de doutoramento internacional da USC: EDIUS		Física Aplicada: 2 teses , 2 Sob. Cum Laude Programa de Doutoramento en Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética: 1 tese, 1 Sob. Cum Laude Programa de Doutoramento en Ciencia de Materiais: 8 teses, 7 Sob. Cum Laude Programa de Doutoramento en Física Nuclear e de Partículas: 4 teses, 4 Sob Cum Laude	
6.Difundir a actividade investigadora dentro e fora da facultade	a- Organizar sesións informativas para alumnado e PDI b- Colaborar con outras facultades e centros singulares da USC c- Difundir a actividade investigadora.	20/21	Nº de xornadas divulgativas da investigación nas aulas. Número de seminarios organizados ou participados Nº de charlas en IES: 31 Memoria do programa A Ponte 2020/21 Nº de MasterClass: 1 Nº de Campus Científico: 0 (afectado pola COVID-19) Nº de Xornadas de Portas Abertas: 1 (virtuais) Nº de Encontros do ensino medio: 1 (virtuais)	Parcialmente acadado
LIÑA ESTRATÉXICA 3: PROXECCIÓN EXTERNA E RELACIÓN COA SOCIEDADE				
1.Dar a coñecer a actividade da Facultade de Física á sociedade	a- Presenza nos medios de comunicación b- Organizando actividades culturais c- Participando en actividades educativas e de divulgación científica d- Organizando xornadas de portas abertas	20/21	Número de xornadas organizadas ou participadas Número de aparicións nos medios de comunicación recollidos na páxina web da USC http://www.usc.es/gl/centros/fisica Participación no programa Unha Enxeñeira ou Científica en cada cole.	Totalmente acadado

			<p>Participación en actividades no Día da muller e da nena na ciencia</p> <p>Participación en charlas educativas en IES recollidas na memoria da ponte co ensino medio 20/21</p>	
2-Proporcionar coñecemento á sociedade	<p>a-Fomentando a transferencia tecnolóxica</p> <p>b-Desenvolvemento de convenios con empresas e institucións</p>	20/21	Número de convenios	Parcialmente acadado
3-Colaborar cos servizos xerais da universidade elaborar bases de datos públicas de recursos, equipamentos e infraestructuras tecnolóxicas existentes				
4.Impulsar a relación coa comunidade de físicos	<p>a- Mantendo contactos con asociación profesional de físicos.</p> <p>b- Participando en sociedades de física</p> <p>-c Fomentar o contacto co antigo alumnado e mantendo bases de datos actualizadas dos/das egresados/as</p>	20/21	<p>Colaboración co colexio de Físicos para a organización de xornadas facultade-empresa</p> <p>Participación na Real Sociedade de Física. Colaboración co colexio oficial de Físicos.</p> <p>Establecer convenios con empresas nas que traballan os/as antigos/as alumnos/as</p>	Parcialmente acadado
5.Incrementar a presenza en internet e redes sociais	a-Número de seguidores en redes sociais	20/21	Nº de seguidores en twitter	Totalmente acadado
6-Participar en programas de responsabilidade social e desenvolvemento sostible	a-Colaboración coa oficina de desenvolvemento sostible da USC	20/21	<p>Número de programas participados e impulsados</p> <p>Número de persoas que participaron no programa de voluntariats COVID-19</p>	Parcialmente acadado
LIÑA ESTRATÉXICA 4: ORGANIZACIÓN, XESTIÓN E INFRAESTRUCTURAS				
1-Reforzar as estruturas de		20/21	<p>Satisfacción media do PAS</p> <p>Satisfacción media do PDI</p>	Totalmente acadado.

apoio á xestión da docencia e a investigación da facultade				
2-Aumentar o grao de satisfacción do PDI e PAS coa facultade		20/21	Satisfacción do PAS co seu traballo Satisfacción do PDI coas actividades formativas Satisfacción do PAS coas actividades formativas	Parcialmente acadado
3. Aumentar o grao de satisfacción do PDI e PAS co seu entorno laboral		20/21	Satisfacción do PAS co seu traballo Satisfacción do PDI coas actividades formativas Satisfacción do PAS coas actividades formativas	Parcialmente acadado
4. Aumentar a participación do alumnado	a- Fomentar a participación nas enquisas de calidade b- Fomentar a participación nas eleccións de representantes en órganos da facultade e USC c- Colaborando co alumnado da Facultade de Física para darlles a coñecer os órganos de representación do alumnado na Facultade e na USC	20/21	Porcentaxe da participación do alumnado nas enquisas de calidade Número de alumnos/posto que se presentan ás eleccións de representantes Postos vacantes nas eleccións de representantes IN48G-	Totalmente acadado
5. Organizar e ampliar, de acordo coas necesidades, os espazos e locais	a-Apoiando o traballo da Comisión de Infraestruturas e Asuntos Económicos b- Reorganización espazos docentes existentes c-Recuperación de espazos no Bloque IV d-Solicitud de novos espazos docentes.	20/21	Espazos novos habilitados e reorganizados.	Parcialmente acadado
6.Xestionar de xeito eficaz as infraestruturas	a- Modernizar os materiais e equipos de laboratorio	20/21	Adquisición de materiais para a mellora da actividade docente, acondicionamento	Parcialmente acadado

	<p>b- Coordinando a súa adquisición e mantementos (Creación dunha comisión de laboratorios)</p> <p>c- Impulsando as obras de reforma e mantemento dos edificios</p> <p>d- Procurar financiación para a mellora e modernización do equipamento docente nas aulas e laboratorios.</p>		<p>de laboratorios e de aulas, de oficinas e despachos.</p> <p>Obra RAM realizada</p> <p>Satisfacción do PDI e PAS cos recursos materiais</p> <p>Renovación do material audiovisual: videoproxectores, ordenadores nas aulas de docencia, laboratorios e de informática</p> <p>Reparación de equipos docentes</p>	
7.Impulsar as TIC	<p>a- Mellorar as relacións coa área TIC da USC</p> <p>b- Incorporando persoal técnico en informática</p> <p>c- Mellorando os recursos a disposición do alumnado</p> <p>d- Realizando cursos de formación para alumnos e traballadores</p> <p>e- Adaptar as aulas para a impartición de docencia semipresencial ou non presencial</p>	20/21	<p>Cursos ofertados</p> <p>Número de queixas de alumnos e PDI asociadas ás TIC</p> <p>Satisfacción media do alumnado e dos egresados cos recursos materiais</p>	Parcialmente acadado

3. Seguimento dos Planes de Melloras Anteriores

3.1 Evolución do Plan de Mellora do Centro

O plan de melloras da Facultade de Física para o curso 2020-2021 está formado polas accións de mellora dos diferentes títulos dos que o centro é responsable e que aparecen recollidas nos informes de seguimento. No curso 2020-2021 estaban previstas 24 accións de mellora estruturadas en torno a 9 obxectivos. A distribución das accións de mellora nas titulacións é a seguinte: Grao en Física (11) e Máster Universitario en Física (6), MERYCSE (7). O plan de melloras do centro abrangue obxectivos comúns a todas as titulacións do centro así como ao mantemento de infraestructuras e espazos docentes

común. A continuación, amosamos o grao de consecución dos obxectivos marcados no plan de melloras do curso 2020-2021.

Obxectivo que conseguir: OC-1 Proporcionar información sobre as opcións de emprego e o proceso de integración laboral											
Responsable do obxectivo: Decana /Responsable de Calidade		Data inicio: 01/09/2020 :	Data fin: 01/09/2021								
Obxectivo estratéxico relacionado	Orientación ao mundo laboral										
Procesos clave relacionados	PC-03 Apoio aos estudantes										
Indicador/es de medición	Asistencia as xornadas de orientación laboral IN42 satisfacción coa orientación laboral (titulación)	Meta a conseguir	40% do alumnado de 4º curso e dos másteres Aumento de convenios de prácticas								
Accións de mellora relacionadas (Código)	GF-11 Organizar xornadas de orientación laboral AM-6 (MUF)										
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO											
Valor dos indicadores	<table border="1"> <thead> <tr> <th>IN42</th> <th>2020/2021</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>GF</td> <td>3.39</td> </tr> <tr> <td>MUF</td> <td>3.26</td> </tr> <tr> <td>MERYCSE</td> <td>3.26</td> </tr> </tbody> </table>			IN42	2020/2021	GF	3.39	MUF	3.26	MERYCSE	3.26
IN42	2020/2021										
GF	3.39										
MUF	3.26										
MERYCSE	3.26										
Grao de consecución da meta	Alto: 19 novos acordos ver (OC-2) Unha porcentaxe do 90% do alumnado que asitiu as charlas										

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-11
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mellorar a orientación laboral por parte do centro
Definición/ descrición proposta	Organizar xornadas de orientación laboral
Datas	Finalización: 29/09/2020; Inicio: 01/09/2019
Estado/Eficacia	Activa
Responsables	Decana

ACCION DE MELLORA

Código	AM-6 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Recomendación de orientar ao alumnado sobre as posibilidades de inserción laboral
Definición/ descrición proposta	Xornadas de Orientación Laboral
Datas	Finalización: 30/04/2021; Inicio: 02/02/2021

Estado/Eficacia	Estado:Activa; Eficacia : --
Responsables	MARÍA ELENA LÓPEZ LAGO
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Recoller información sobre os intereses del alumnado
Data prevista de finalización	05/02/2021
Responsable	MARÍA ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa2	AM-6.2
Descrición tarefa	Organización de Xornadas de Orientación Laboral centradas nas temáticas demandadas
Data prevista de finalización	30/04/2021
Responsable	MARÍA ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa

Obxectivo que conseguir: OC-2 Incentivar e aumentar a participación de empresas e entidades no programa de prácticas externas			
Responsable do obxectivo: Decana/Responsable de Prácticas Externas		Data inicio: 01/09/2020 :	Data fin: 01/09/2021
Obxectivo relacionado	estratéxico	Aumentar o número de convenios para a realización de prácticas externas	
Procesos clave relacionados		PC-03 Apoio aos estudantes PC-05 Analise de resultados e mellora dos programas	
Indicador/es de medición	Número de novos convenios	Meta a conseguir	Aumento de convenios de prácticas (2 por ano):

	<p>IN 19</p> <p>satisfacción coas prácticas</p> <p>(non temos indicador este curso)</p>		
Accións de mellora relacionadas (Código)	<p>Aumentar o número de convenios de prácticas externas</p> <p>AM-5 (MERYCSE)</p>		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor dos indicadores	<p>Número de novos convenios :</p> <ul style="list-style-type: none"> -TRIPLE ALPHA INNOVATION, S.L. 08/02/2021 -DXC TECHNOLOGY SERVICIOS ESPAÑA S.L 27/05/2021 só Grao -SDG CONSULTING ESPAÑA, S.A.U. 04/02/2021 -CENTRO ONCOLÓXICO DE GALICIA 21/10/2020 -INDROPS LABORATORIO DE ANÁLISIS Y CALIDAD MEDIOAMBIENTAL, S.L. 26/07/2021 -ITERA TÉCNICA, S.L. 23/10/2020 -COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE COUSO -DC SERVICIOS AMBIENTALES SL -ENERGÍAS RENOVABLES S.L.U. (ENERTRES) -FUNDACIÓN ROBERTO RIVAS -APPLUS+NORCONTROL -ENXAMIO -NORVENTO -GREENALIA -SERVITEC MEDIOAMBIENTALES SL -BIOETANOL VERTEX -LA SALVE -CIUDEN -FORESA 		
Grao de consecución da meta	<p>Alta : superaronse as expectativas</p>		

ACCION DE MELLORA

Código	AM-5 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Aumentar e consolidar a colaboración co tecido produtivo no sector
Definición/ descrición proposta	Establecemento de convenios con Empresas e Institucións do sector
Datas	Finalización: 09/03/2023; Inicio: 09/03/2022
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia:
Responsables	CAM
Tarefa1	AM-5.1
Descrición tarefa	Ampliación e consolidación dun grupo de Empresas/Institucións colaboradoras no MERYCSE a diferentes niveis, dende a impartición de docencia ata a colaboración no desenvolvemento de TFM's ou acollida de estudantes en Prácticas Externas
Data prevista de finalización	09/03/2023
Responsable	CAM
Estado	Activa

Obxectivo que conseguir: OC-3 Mantemento das infraestruturas e instalacións para a docencia e investigación

Responsable do obxectivo: Decana

Data inicio: 01/09/2019 : Data fin: 01/09/2020

Obxectivo estratéxico relacionado	Mantemento das infraestrutura		
Procesos clave relacionados	PS-02 Xestión de recursos materiais e servizos		
Indicador/es de medición	Obras realizadas	Meta a conseguir	Dotación dun novo sistema de canalización do gas e montaxe de paneis.
Accións de mellora relacionadas (Código)	Melloras no edificio por deterioración GF-10 AM-4 (MUF)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor dos indicadores	Obras realizadas: as obras puideron realizarse antes do estado de alarma		
Grao de consecución da meta	Alta : As obras das accións de mellora foron executadas		

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-10
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Melloras no edificio por deterioración
Definición/ descrición proposta	Obras no edificio
Datas	Finalización: 29/09/2021; Inicio: 01/01/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Eficaz
Responsables	Decana
Tarefa 1	GF-10.1
Descrición tarefa	Mellora da fontanería e saneamento nos Bloques I, II, III

Data prevista de finalización	30/06/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 2	GF-10.2
Descrición tarefa	Electrificación das aulas
Data prevista de finalización	30/06/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 3	GF-10.3
Descrición tarefa	Reparar tellado laboratorio de Física Nuclear
Data prevista de finalización	31/01/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 4	GF-10.4
Descrición tarefa	Ocultar cableado da aula informática
Data prevista de finalización	01/02/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 5	GF-10.5
Descrición tarefa	Reparar baixante no Laboratorio de Física non lineal
Data prevista de finalización	30/06/2020
Responsable	Decana
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA

Código	AM-4 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Mejorar las instalaciones del centro, tuberías en mal estado, malos olores, mala calidad del agua, goteras en aulas, biblioteca, vestibulos y dos laboratorios docentes, humedades generalizadas.
Definición/ descripción proposta	Obras de reforma, ampliación y mejora.
Datas	Finalización: 31/08/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	ELENA LÓPEZ LAGO
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Reforma integral del saneamiento y fontanería de la Facultad de Física: tres fases
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa2	AM-4.2
Descrición tarefa	Reparación progresiva de las cubiertas
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO

Estado	Activa
Tarefa3	AM-4.3
Descrición tarefa	Ocultar cableado del Aula de Informática
Data prevista de finalización	20/01/2021
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Finalizada
Tarefa4	AM-4.4
Descrición tarefa	Adaptación de los puestos de atención al público en la Biblioteca a las medidas sanitarias derivadas de Covid_19
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa

Obxectivo que conseguir: OC-4 Dotar de recursos materiais os espazos docentes			
Responsable do obxectivo: Decana		Data inicio: 01/09/2019 :	Data fin: 01/09/2020
Obxectivo estratéxico relacionado	Dotar os laboratorios docentes e aulas con novo equipamento		
Procesos clave relacionados	PS-02 Xestión de recursos materiais e servizos		
Indicador/es de medición	Número de monitores	Meta a conseguir	Dotación de 26 monitores
	Número de tallos		Dotar de tallos os laboratorios.
Accións de mellora relacionadas (Código)	Falta ou deterioración de determinados recursos materiais GF-8 AM-3 (MUF)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			

Valor dos indicadores	O número de monitores e tallos mercados correspondese coa dotación esperada na meta a conseguir
Grao de consecución da meta	Alta : As obras das accións de mellora forion executadas

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GF-8
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Por causa da COVID-19 é preciso adquirir medios tecnolóxicos para poder realizar unha docencia semipresencial ou non presencial, se fose preciso. Ademais é necesario contar con equipos de protección individual e produtos hixienizantes para cumprir co protocolo da USC sobre a docencia segura.
Definición/ descrición proposta	Dotar os espazos docentes do equipamento necesario para o desenvolvemento dunha docencia semipresencial segura e telemática.
Datas	Finalización: 30/06/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Eficaz
Responsables	Decana
Tarefa 1	GF-8.1
Descrición tarefa	Adquisición de cámaras, micrófonos, trípodes
Data prevista de finalización	21/09/2020
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 2	GF-8.2
Descrición tarefa	Compra de alargadores, e adaptadores
Data prevista de finalización	21/09/2020

Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 3	GF-8.3
Descrición tarefa	Adquirir material hixienizante
Data prevista de finalización	20/09/2020
Responsable	Decana
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-3 (Curso 2020-2021)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Adaptar aulas do Máster para facer frente, se fose necesario, á implementación da docencia non presencial ou ás necesidades de retransmitir as clases por alumnado en cuarentena.
Definición/ descrición proposta	Adquisición de material audiovisual
Datas	Finalización: 01/03/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Realizada; Eficacia : Activa
Responsables	ELENA LÓPEZ LAGO
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Cofinanciación para equipar as aulas do centro con cámaras, micrófonos e altavoces ue transmitan as sinais con calidade alta.

Data prevista de finalización	01/03/2021
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Finalizada
Tarefa2	AM-3.2
Descrición tarefa	Adquisición de cámaras, micrófonos y altavoces de calidad media ara emplear en las aulas si los equipos de calidad superior adquiridos centralizadamente ou se reciben o no se instalan a tiempo
Data prevista de finalización	01/03/2021
Responsable	Manuel Vázquez Ramallo
Estado	Finalizada

Obxectivo que conseguir: OC-5 Elaborar Prórroga Plan Estratéxico do centro

Responsable do obxectivo: Decana

Data inicio: 01/09/2020 :

Data fin: 01/09/2021

Obxectivo estratéxico relacionado	Actualización da Política de Garantía de Calidade da Facultade
-----------------------------------	--

Procesos clave relacionados	PE-01 Planificación estratéxica.
-----------------------------	----------------------------------

Indicador/es de medición	Informe sobre a proposta de prórroga do Plan Estratéxico	Meta a conseguir	Actualizar o plan estratéxico do centro
--------------------------	--	------------------	---

Accións de mellora relacionadas (Código)	GF-3
--	------

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor dos indicadores	Informe favorable pola Area de Calidade e Mellora dos Procedementos (1/03/2021)
-----------------------	---

Grao de consecución da meta	Alta : Prórroga do plan estratéxico aprobada
-----------------------------	--

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-3
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 3 – Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	O plan estratéxico da Facultade de Física remata en 2020 e é preciso elaborar unha prórroga para aliñar os obxectivos do centro cos da Programación Plurianual 2019-2022 da USC aprobadas na sesión ordinaria do Claustro do 2 de decembro de 2020.
Definición/ descrición proposta	Renovación plan estratéxico
Datas	Finalización: 20/12/2020; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Executada; Eficacia : Eficaz
Responsables	Decana/ Responsable calidade

Obxectivo que conseguir: OC-6 Información sobre a inserción laboral dos egresadps

Responsable do obxectivo: Decana

Data inicio: 01/09/2020 :

Data fin: 01/09/2021

Obxectivo estratéxico relacionado	Avaliar e promover a empregabilidade dos egresados da Facultade		
Procesos clave relacionados	PC-05 - Análise de resultados e mellora dos programas		
Indicador/es de medición	Participación nas enquisas de inserción laboral	Meta a conseguir	Contar con información sobre a satisfacción dos egresados
Accións de mellora relacionadas (Código)	GF-2 AM-7 (MERCYSE)		

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor dos indicadores	Enquisas de inserción laboral dos egresados das distintas titulacións
Grao de consecución da meta	Baixa : Malia os esforzos realizados por decanato a participación do alumnado nas enquisas é baixa.

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-2
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Non se dispón de datos sobre a inserción laboral dos egresados de grao
Definición/ descrición proposta	Realizar enquisas sobre os egresados nos últimos anos para coñecer a súa situación laboral, e valorar os resultados dos títulos
Datas	Finalización: 30/06/2021; Inicio: 01/09/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Non eficaz
Responsables	Decana / Responsable de calidade
Tarefa 1	GF-2.1
Descrición tarefa	Realizar as enquisas sobre os egresados nos últimos anos para coñecer a súa situación laboral.
Data prevista de finalización	30/06/2021
Responsable	Decana/ Responsable de calidade
Estado	Activa
Tarefa 2	GF-2.2
Descrición tarefa	Analizar os resultados as enquisas sobre os egresados nos últimos anos para coñecer a súa situación laboral.
Data prevista de finalización	30/06/2021
Responsable	Decana / Responsable de calidade
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA

Código	AM-7 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7-Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Visualización datos inserción laboral
Definición/ descripción proposta	Mellorar o proceso de adquisición de información dos egresados relacionados coa inserción laboral
Datas	Finalización: 09/03/2023; Inicio: 09/03/2022
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia:
Responsables	CAM
Tarefa1	AM-7.1
Descrición tarefa	Desenvolver a través da web propia un proceso de relación estrita con egresados para visualizar o grao de inserción laboral dos mesmos
Data prevista de finalización	09/03/2023
Responsable	CAM
Estado	Activa

Obxectivo que conseguir: OC-7 Manter actualizados os regulamentos de TFG e TFM e proporcionar material de apoio nestas asignaturas

Responsable do obxectivo: Decana

Data inicio:
01/09/2020 :

Data fin: 01/09/2021

Obxectivo relacionado	estratéxico	Modificación dos regulamentos do TFG e TFM para incorporar unha nova rúbrica de avaliación. Proporcionar material de apoio ás asignaturas.	
Procesos relacionados	clave	PC-10 - Realización do TFG/TFM PE-02 - Revisión e mellora PC-03. Apoio a estudantes	
Indicador/es de medición		Diseño de una nueva rúbrica de evaluación del TFM Documentos e audios explicativos a disposición do alumnado na aula virtual Sesións informativas asociadas aos trámites dos TFG/TFM Recordar a través do delegado do Máster/Grao as condicións de terminación e de obtención de especialidade	Meta a conseguir Contar cun Regulamento de TFG/TFM do Grado e do Máster en Física actualizado e proporcionar apoio nestas asignaturas
Accións de mellora relacionadas		GF-5, GF-2 AM-5, AM-2	
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor dos indicadores		Participación moi alta nas sesións informativas asociadas aos trámites dos TFG/TFM Intercambio continuo a través do/a delegado/a Documentos e audios explicativos a disposición do alumnado na aula virtual	
Grao de consecución da meta		Alta :	

-Modificación do Regulamento do TFG e TFM aprobados en Xunta de Facultade

-Modificación do Regulamento do TFG e TFM aprobados en Consello de Goberno

	DATA APROBACIÓN COM. ACAD. MASTER / COMISIÓN GRAO	DATA APROBACIÓN XUNTA DE FAC	DATA APROBACIÓN CONSELLO DE GOBERNO
Regulamento TFM MERYCSE	5/04/2021	8/04/2021	28/05/2021
Regulamento TFM MASTER EN FÍSICA	5/04/2021	8/04/2021	28/05/2021
Regulamento TFG	5/04/2021	8/4/2021	9/03/2022

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-5
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Desenvolvemento da normativa que regule os Traballos de Fin de Grao
Definición/ descrición proposta	Novo regulamento dos TFG
Datas	Finalización: 01/09/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Executada; Eficacia : Eficaz

Responsables	Decana
Tarefa 1	GF-5.1
Descrición tarefa	Elaboración regulamento da normativa do TFG
Data prevista de finalización	01/07/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 2	GF-5.2
Descrición tarefa	Diseño rúbrica TFG
Data prevista de finalización	01/07/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 3	GF-5.3
Descrición tarefa	Aprobar regulamento Xunta de Facultade
Data prevista de finalización	01/07/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-6
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Elaboración de material de apoio para a realización dos traballos de fin de grao (TFG) e Prácticas externas (PE)

Definición/ descripción proposta	Material de apoio para TFG e PE
Datas	Finalización: 01/09/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Executada; Eficacia : Eficaz
Responsables	Decana
Tarefa 1	GF-6.1
Descrición tarefa	Elaboración de audio e documento explicativo para a realización de TFG , dispoñible no campus virtual na coordinación de Grao
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Decana
Estado	Executada, Eficaz
Tarefa 2	GF-6.2
Descrición tarefa	Elaboración de audio e documento explicativo para a realización de PE, dispoñible no campus virtual na coordinación de Grao
Data prevista de finalización	31/12/2020
Responsable	Decana
Estado	Executada, Eficaz

ACCION DE MELLORA

Código	AM-2 (Curso 2020-2021, Curso 2021-2022)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 2 - Información e transparencia

Análise causa	Evitar problemas coa matrícula do alumnado con respecto as condicións de terminación, informar sobre os trámites asociados as Prácticas externas e ao TFM e, cando proceda, sobre os efectos da pandemia polo Covid_19 no desenvolvemento da actividade docente.
Definición/ descrición proposta	Xornadas informativas e comunicacións electrónicas
Datas	Finalización: 31/08/2022; Inicio: 04/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	ELENA LÓPEZ LAGO
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Revisar matrícula do alumnado para asegurar que cumpren as condicións de terminación, prazos de modificación de matrícula
Data prevista de finalización	01/03/2021
Responsable	MARÍA ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa2	AM-2.2
Descrición tarefa	Recordar a través do delegado do Máster as condicións de terminación e de obtención de especialidade
Data prevista de finalización	15/09/2022
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa3	AM-2.3
Descrición tarefa	Charlas informativas sobre los trámites asociados as prácticas externas. Estarán a disposición do alumnado no curso de coordinación do Campus Virtual.

Data prevista de finalización	01/03/2022
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa4	AM-2.4
Descrición tarefa	Comunicación ao alumnado, antes do comezo do curso das particularidades do mesmo, metodoloxía docente, presencialidade e medidas de seguridade.
Data prevista de finalización	04/09/2022
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa5	AM-2.5
Descrición tarefa	Xornada de Benvida, telemática ou presencial, na que se informe ao alumnado acerca das condicións de terminación, condicións para recoñecemento de especialidade. Proporcionarase outra información de interese ao alumnado procedente de universidades distintas á USC. Implementarase con efectos do curso 2021-2022. Estarán a disposición do alumnado no curso de coordinación do Campus Virtual.
Data prevista de finalización	31/08/2022
Responsable	MARÍA ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa6	AM-2.6
Descrición tarefa	Sesión informativa sobre os trámites asociados ao TFM. Estarán a disposición do alumnado no curso de coordinación do Campus Virtual.

Data prevista de finalización	31/08/2022
Responsable	MARÍA ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-5 (Curso 2020-2021)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Garantizar la adquisicion de competencias
Definición/ descripción proposta	Mejorar el sistema de evaluación y coordinación entre materias
Datas	Finalización: 31/08/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	ELENA LÓPEZ LAGO
Tarefa1	AM-5.1
Descrición tarefa	Reforma del Reglamento de TFG/TFM del Grado y del Máster en Física
Data prevista de finalización	31/08/2021
Responsable	Manuel Vázquez Ramallo
Estado	Finalizada
Tarefa2	AM-5.2
Descrición tarefa	Diseño de una nueva rúbrica de evaluación del TFM

Data prevista de finalización	01/02/2021
Responsable	Manuel Vázquez Ramallo
Estado	Finalizada
Tarefa3	AM-5.3
Descrición tarefa	Análisis de la situación de la docencia interactiva de laboratorio
Data prevista de finalización	31/05/2021
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Finalizada
Tarefa4	AM-5.4
Descrición tarefa	Minimización de solapamientos de contenidos entre materias: eliminación de los contenidos de holografía en la materia Óptica de Fourier e, inclusión de los mismos en el apartado de interferometría holográfica de la materia Metrología y sensores fotónicos
Data prevista de finalización	31/05/2021
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Finalizada

Obxectivo que conseguir: OC-8 Elaborar protocolos para asegurar o desenvolvemento da docencia segura, a utilización de laboratorios e a realización das probas de avaliación dentro do marco da COVID-19

Responsable do obxectivo: Decana

Data inicio:
01/09/2020 :

Data fin: 01/09/2021

Obxectivo estratéxico relacionado

Elaboración de protocolos para unha docencia segura.

Procesos clave relacionados

PC-04 Planificación das ensinanzas

PC-03. Apoio a estudantes

Indicador/es de medición	A efectividade do protocolo medirase en función dos incidentes rexistrados nas aulas/laboratorios etc...	Meta conseguir a	Elaboración de protocolos para unha docencia segura
Accións de mellora relacionadas (Código)	GF-1		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor dos indicadores	Non se rexistraron incidentes e repctaronse as normas establecidas nos protocolos		
Grao de consecución da meta	Alta : As aulas desenvolveronse dentro da nova normalidade sen incidentes rexistrados		

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-1
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Co inicio da pandemia COVID-19 é preciso elaborar protocolos para asegurar o desenvolvemento da docencia segura, a utilización de laboratorios e a realización das probas de avaliación
Definición/ descrición proposta	COVID-19: Elaboración de protocolos para unha docencia segura
Datas	Finalización: 05/09/2021; Inicio: 15/03/2020.
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Eficaz
Responsables	Decana

Tarefa 1	GF-1.1
Descrición tarefa	Elaboración protocolo docencia escenario semi-presencial
Data prevista de finalización	02/09/2020
Responsable	Decana
Estado	Estado: Activa
Tarefa 2	GF-1.2
Descrición tarefa	Elaborar protocolo para utilización de laboratorios de docencia
Data prevista de finalización	02/09/2020
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 3	GF-1.3
Descrición tarefa	Elaborar protocolo para a realización de exames presenciais
Data prevista de finalización	02/12/2020
Responsable	Decana
Estado	Activa

Obxectivo que conseguir: OC-9 Aumentar a difusión e visibilidade dos Masteres asociados á Facultade de Física

Responsable do obxectivo: Decana

Data inicio:
01/09/2020 :

Data fin: 01/09/2021

Obxectivo estratéxico relacionado

Incrementar o número de alumnos inscritos nos masteres adscritos á Facultade de Física

Procesos clave relacionados

PC-05 Captación de estudantes na USC
 PS-02 Xestión de recursos materiais e servizos
 PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas

Indicador/es de medición	Número de alumnos/as inscritos Máster Universitario de Física e MERYCSE	Meta a conseguir	Aumento na demanda dos másteres asociados á Facultade
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-1 (MUF) AM-3, AM-4 (MERYCSE)		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor dos indicadores	Número de alumnos/as : 30 (MUF), 22 (MERYCSE) (20/21) 16 MUF, 12(MERYCSE) (19/20)		
Grao de consecución da meta	Alta : O número de inscritos aumentou con respecto a anos anteriores.		

ACCION DE MELLORA MUF	
Código	AM-1 (Curso 2020-2021, Curso 2021-2022)
Orixe	Plan de Melloras da Acreditación
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	É resultado de recomendacións do informe de renovación da acreditación orientada a captar máis alumnado e facer o máster máis atractivo
Definición/ descrición proposta	Difusión do Máster a nivel interno e externo
Datas	Finalización: 30/07/2022; Inicio: 21/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	ELENA LÓPEZ LAGO
Tarefa1	AM-1.1

Descrición tarefa	Difusión interna del Máster: charlas informativas telemáticas sobre el máster e as súas especialidades.
Data prevista de finalización	29/06/2021
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa2	AM-1.2
Descrición tarefa	Difusión externa del Máster: charlas informativas telemáticas sobre el máster e as súas especialidades.
Data prevista de finalización	29/06/2022
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa3	AM-1.3
Descrición tarefa	Difusión externa do Máster: participación en Feiras de Máster
Data prevista de finalización	29/06/2022
Responsable	ELENA LÓPEZ LAGO
Estado	Activa
Tarefa4	AM-1.4
Descrición tarefa	Mantemento páxina web
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Beatriz Fernández Domínguez
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA MERYCSE

Código	AM-3 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mellorar a visualización do Máster cunha páxina web complementaria
Definición/ descrición proposta	Elaboración dunha páxina web máis aberta, interactiva e dinámica
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 02/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Rematada-Activa; Eficacia: moi alta.
Responsables	CAM
Tarefa1	AM-3.1
Descrición tarefa	Creación dunha web proia onde estean integradas as redes sociais creadas (instagram, facebook, twitter) e na que o alumnado teña acceso para facer un seguimento dos egresados, pódanse incluír ofertas de traballo, organización, encontros e seminarios, e que facilite a visibilidade do Máster nun ámbito menos académico e máis profesionalizante.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	CAM
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA MERYCSE

Código	AM-4 (Curso 2020-2021)
---------------	------------------------

Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mellorar a captación de estudantes alleos ao EEES
Definición/ descripción proposta	Colaborar en Programas de Captación Internacional da USC
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 02/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia:
Responsables	CAM
Tarefa1	AM-4.1
Descrición tarefa	Colaboración co Servizo de Captación Internacional da USC no proceso de captación de estudante procedentes de América Latina
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	CAM
Estado	Activa

3.1 Plan de Melloras do Grao

A continuación analizamos o plan de melloras específico da titulación do Grao en Física e o seu grao de consecución. En xeral, as 11 accións de mellora propostas para o curso 2020-2021 realizáronse na súa totalidade a excepción da acción de mellora GF-2 asociada ao obxectivo OC-6 que malia os esforzos de decanato o grao de consecución da meta é parcial.

Obxectivo que conseguir: OC-10 Mellorar a adquisición de competencias e coñecementos transversais		
Responsable do obxectivo: Decana		Data inicio: 01/09/2020 : Data fin: 01/09/2021
Obxectivo relacionado	estratéxico	Mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe

Procesos clave relacionados	PC-03 Apoio aos estudantes PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas PC-05 Analise de resultados e mellora dos programas		
Indicador/es de medición	Número de cursos en competencias transversais (Latex, competencias en información, software libre etc...) IN 19 satisfacción coas prácticas	Meta a conseguir:	1 Curso por ano
Accións de mellora relacionadas (Código)	Realización de cursos de competencias transversais GF-9		
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO			
Valor dos indicadores	Número de cursos realizados : 2 1 Curso de Latex, 1 Curso de competencias en información (biblioteca)		
Grao de consecución da meta	Alta :		

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-9
--------	------

Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 – Resultados de aprendizaxe
Análise causa	Mellorar o proceso ensinanza-aprendizaxe. / Reforzar competencias transversais
Definición/ descrición proposta	Realización de cursos de competencias transversais
Datas	Finalización: 01/09/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Executada; Eficacia : Eficaz
Responsables	Decana

Obxectivo que conseguir: OC-11 Modificación da avaliación nas programacións docentes de certas asignaturas

Responsable do obxectivo: Decana

Data inicio: 01/09/2020 :

Data fin: 01/09/2021

Obxectivo relacionado	estratéxico	Manter actualizados os programas formativos		
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora PC-02 Planificación das ensinanzas PC-05 Analise de resultados e mellora dos programas			
Indicador/es de medición	Guía docente modificada e disponible na aula virtual	Meta a conseguir:	Modificación das guías docentes de : -Métodos Matemáticos IV -Termodinámica e Teoría Cinética	
Accións de mellora relacionadas (Código)	GF-4			

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor dos indicadores	-Guía docente actualizada e disponible no campus virtual
Grao de consecución da meta	Alta

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-4
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Reorganización da avaliación como consecuencia da emerxencia sanitaria COVID-19
Definición/ descrición proposta	Modificación da avaliación nas programacións docentes de certas asignaturas.
Datas	Finalización: 01/09/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Executada; Eficacia : Eficaz
Responsables	Decana
Tarefa 1	GF-4.1
Descrición tarefa	Aumento de peso da avaliación continua nas asignaturas de : Métodos Matemáticos IV e Termodinámica e Teoría Cinética
Data prevista de finalización	01/07/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 2	GF-4.2
Descrición tarefa	Métodos Matemáticos IV : Exame da primeira oportunidade substitúese por tres controis de avaliación continua;

Data prevista de finalización	01/07/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa
Tarefa 3	GF-4.3
Descrición tarefa	Termodinámica e Teoría Cinética: a cualificación final será a media ponderada entre a avaliación continúa e o exame final.
Data prevista de finalización	01/07/2021
Responsable	Decana
Estado	Activa

Obxectivo que conseguir: OC-12 Manter a taxa de abandono do Grao en Física

Responsable do obxectivo: Decana

Data inicio: 01/09/2020

Data fin: 01/09/2021

Obxectivo estratéxico relacionado	Manter a porcentaxe de taxa de abandono no Grao en Física nos valores dos últimos anos (~20%)		
Procesos clave relacionados	PE-02 Revisión e mellora PC-02 Planificación das ensinanzas PC-05 Analise de resultados e mellora dos programas		
Indicador/es de medición	Taxa de abandono	de	Meta a conseguir: Reforzar o plan tutorial incrementando o papel dos alumnos tutores, e potenciando actividades como cursos e conferencias
Accións de mellora relacionadas (Código)	GF-7		

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor dos indicadores	--Información sobre o plan tutorial nas sesión de presentación e a través dos alumnos titores.							
	Táboa 1.4.2	2014-2015	2015-2016	2016-2017	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021
	Número total de matriculados	381	408	419	431	471	497	495
	Taxa de abandono en primeiro curso	33.33 %	18.75 %	11.21 %	11.83 %	12.66%	4.49%	9.41%
	Taxa de abandono RD 1393/2008	44.44 %	49.49 %	50.00 %	36.46 %	27.10 %	21.51 %	18.99%
	Traslado de expedientes por continuación	2	0	12	5	10	13	7
Grao de consecución da meta	Alta							

ACCIÓN DE MELLORA

Código	GF-7
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
Análise causa	Manter a porcentaxe da taxa de abandono no Grao en Física
Definición/ descrición proposta	Reforzar o plan tutorial incrementando o papel dos alumnos titores, e potenciando actividades como cursos e conferencias

Datas	Finalización: 01/09/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Eficaz
Responsables	Decana

3.2 Plan de Melloras do Máster Universitario en Física

As accións de melloras da titulación do Máster Universitario en Física que foi obxecto de acreditación no curso 2020/2021 foron incluídas no plan de melloras do centro. Con respecto ao grao de consecución, a maioría das accións de mellora foron executadas, a pesar da situación de confinamento derivada do estado de alarma, aínda así algunhas delas non acadaron o éxito esperado. En particular, o máster non foi seleccionado na convocatoria de excelencia de másteres da USC pero a Facultade insistirá en próximas convocatorias

3.3 Plan de Melloras do Máster Máster Universitario en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable (MERYCSE)

O máster implantouse por primeira vez no curso 2018-2019. As accións de melloras para esta titulación foron incluídas no plan de melloras do centro, salvo as que se detallan a continuación. Con respecto ao grao de consecución das accións de mellora previstas para o curso 2020-2021, en xeral, case todas as accións de melloras previstas foron executadas. Algunhas son de evolución continua.

Obxectivo que conseguir: OC-13 Mellorar o proceso de asignación de prácticas externas			
Responsable do obxectivo: Coordinación do MERYCSE/CAM		Data inicio: 01/09/2020 :	Data fin: 01/09/2021
Obxectivo relacionado	estratéxico	Mellorar os procedementos de asignación e seguimento das prácticas externas .	
Procesos clave relacionados		PC-03 Apoio aos estudantes PC-05 Analise de resultados e mellora dos programas	
Indicador/es de medición	Creación dunha comisión de prácticas externas	Meta a conseguir	Creación dunha comisión de prácticas externas

Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-01 (MERYCSE)
GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO	
Valor dos indicadores	A comisión foi creada
Grao de consecución da meta	Alta.

ACCION DE MELLORA

Código	AM-1 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mellorar os procesos de asignación e seguimento das prácticas externas
Definición/ descrición proposta	Establecemento dunha Comisión de Prácticas Externas Mixta na que colaboren as Empresas
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 02/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Rematada-Activa; Eficacia: elevada.
Responsables	CAM
Tarefa1	AM-1.1
Descrición tarefa	Creación Comisión de Prácticas Externas Mixta
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	CAM
Estado	Activa

Obxectivo que conseguir: OC-14 Mellorar a formación en actividades profesionalizantes e colaboración do Máster MERYCSE con empresas e outros másteres da contorna

Responsable do obxectivo: Coordinación do MERYCSE/CAM Data inicio: 01/09/2019 : Data fin: 01/09/2020

Obxectivo relacionado	estratéxico	Aumentar a captación de alumnado no Máster MERYCSE	
Procesos clave relacionados	PC-05 Analise de resultados e mellora dos programas		
Indicador/es de medición	<p>Aumento na demanda do Máster</p> <p>Número de novos convenios asinados con empresas</p>	Meta a conseguir	<p>Aumentar o número de Matriculados no MERYCSE</p> <p>Establecemento da colaboración con outros másteres</p> <p>Incrementar as visitas a instalación industrias e a presenza de profesionais do sector</p>
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-02, AM-06 (MERYCSE)		

GRAO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO

Valor dos indicadores	<p>Número de alumnos/as : 22 (MERYCSE) (20/21), 12(MERYCSE) (19/20)</p> <p>Número de novos convenios : 13</p>
Grao de consecución da meta	Alta: a evolución no número de matriculados está a ser moi positiva

ACCION DE MELLORA

Código	AM-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento

Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mellorar a formación e colaboración en tarefas formativas
Definición/ descrición proposta	Establecemento de colaboracións con outros Másteres con temática semellante
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia: baixa.
Responsables	CAM
Tarefa1	AM-2.1
Descrición tarefa	Determinación e establecemento de colaboracións formativas con Másteres do entorno e que traten temas relacionados coa temática do MERYCSE e doutros ámbitos
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	CAM
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA

Código	AM-6 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Aumento actividades formativas paralelas
Definición/ descrición proposta	Mellorar e aumentar a oferta de actividades relacionadas coa vertinte profesionalizante do Máster

Datas	Finalización: 09/03/2023; Inicio: 09/03/2022
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia:
Responsables	CAM
Tarefa1	AM-6.1
Descrición tarefa	Incrementar as visitas a instalacións industriais, e aumentar a presenza de profesionais do sector no día a día do Máster.
Data prevista de finalización	09/03/2023
Responsable	CAM
Estado	Activa

4. Cambios na xestión do SGC

Anualmente revisase a eficacia dos procesos de procedementos de calidade na Comisión de Calidade e Docencia e toda modificación queda reflectida nas acta de dita comisión

5. Mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

Dacordo co recollido no proceso PI-08 Satisfacción expectativas e necesidades do Manual do SGC a recollida de información para medir a satisfacción dos grupos de interese e obter información sobre as súas necesidades realízase por parte da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. A CCD é a encargada de analizar a información e emitir os informes correspondentes.

Outras canles de información foron postos en marcha pola Facultade de Física para recabar información sobre grupos de interese para os que a información institucional non resulta suficiente. De feito, en cursos anteriores o centro deseñou e lanzou enquisas específicas para poder coñecer de forma directa a situación real dos egresados sen excesivo éxito. No curso, 2020-2021 preparouse unha nova acción de mellora (GF2) para realizar novas enquisas sobre os egresados e valorar os resultados dos títulos. Nesta acción de mellora preténdese utilizar novas plataformas e incentivar a taxa de participación a través de notificacións por correo electrónico.

Ademáis, no curso 2020-2021 durante o segundo semestre a Facultade habilitou novas canles de recollida de información dada á suspensión da actividade docente presencial derivada da declaración do Estado de Alarma debido á pandemia por COVID_19. Realizaronse reunións periódicas a través das plataformas postas a disposición pola USC: (correo electrónico, Teams, Campus Virtual) cos distintos grupos de interese: profesorado, alumnado etc. e creouse unha conta de correo específica para recoller as reclamacións, suxestións e queixas dos grupos afectados.

No que respecta ás queixas, reclamacións, recursos etc...a Facultade de Física recibe un número pequeno de demandas. No curso 2020/2021 presentáronse na Oficina de Análise e Reclamacións (OAR) 9 recursos administrativos e 3 queixas segundo a súa memoria anual, todos eles relacionados coa titulación do Grao en Física. Dos nove recursos só 1 estaba relacionado cos procesos de calidade (en concreto co proceso PAX3 (Matriculación)). O resto correspondense a recursos de alzada interpostos polo alumnado onde se verificou a correcta aplicación da Instrución da Secretaría Xeral nº2/2020 para a aplicación do artigo 4.3 do Acordo do Consello de Goberno do 22 de Abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19. Dos 8 recursos deste tipo, 7 deles proveñen do alumnado de intercambio nos distintos programas (ERASMUS, SICUE, Bilateral...). A totalidade dos recursos foron estimados.

Con respecto ás reclamacións a memoria da OAR recolle tres reclamacións na Facultade de Física Relacionadas con: Bibliotecas, Erasmus-Convenios e Media do expediente. Dous delas foron estimadas e a restante foi desestimada.

Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
 - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
 - cumprimento de guías docentes;
 - procedementos de coordinación,
 - análise do perfil real de ingreso/egreso,
 - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
 - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

2.0 Adecuación dos procedementos de melloras das titulacións

A Facultade de Física aplica os procesos relativos ao deseño, á aprobación e á revisión periódica dos seus programas formativos seguindo os procedementos descritos no Manual de Procesos do SGC: tanto institucionais, PI-01 : Deseño, modificación e extinción de programas, como estratéxicos, PE-02 : Revisión e mellora do SGC, así como de centro, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas, onde se establecen os diagramas de fluxos dos procesos.

Na Facultade de Física a CCD, a responsable de calidade e mais a decana analizan anualmente os resultados dos indicadores para os programas formativos adscritos á Facultade de Física, así como os resultados agregados a nivel de Facultade. Esta información completase cos informes de satisfacción das enquisas establecidas a nivel institucional, así como cos informes complementarios e modelos de documentación. A CCD é a responsable de realizar o informe de seguimento dos programas da Facultade de Física. As actas e reunións da CCD constitúen unha das evidencias do seguimento realizado.

A continuación, desglosamos os fitos mais salientables que se produciron no desenvolvemento dos programas formativos das titulacións adscritas ao centro no curso 2020-2021. É importante destacar que no curso 2020-2021 houbo modificacións significativas nos programas formativos como consecuencia da emerxencia sanitaria causada pola COVID-19.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 estivo marcado polas restricións impostas pola emerxencia sanitaria da COVID-19. O centro organizou as actividades académicas seguindo a *resolución reitoral do 27 de Agosto de 2020 (RR-27/08)* e a *resolución reitoral do 2 de Setembro de 2020 (RR-02/09)*. Dentro dos posibles escenarios identificados nas *"Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021"*, a Facultade de Física optou por aplicar o Escenario 2 para o inicio do curso 2020/2021 debido a non dispoñer de aulas con capacidade suficiente para albergar ao alumnado nas condicións de distanciamento social (1.5 m). Este escenario mantívose con lixeiras modificacións ao longo de todo o ano académico.

As medidas concretas e específicas a seguir para unha docencia semipresencial correspondente co Escenario 2, aparecen deseñadas nos seguintes documentos: *"Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021"*, e *"Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021"*.

Dacordo coa resolución reitoral (RR-02/09), o centro elaborou un protocolo de aplicación das medidas xerais de prevención e control sanitario para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021. No devandito protocolo que foi remitido a Xerencia, incluíuse información sobre a organización da docencia e a metodoloxía a aplicar en función do distanciamento social permitido, as canles de comunicación, medidas de protección persoal, regulación das actividades e xestión de casos de COVID.

Unha análise pormenorizada das modificacións pódese atopar nos informes de seguimento correspondentes. Na Memoria de Calidade limitarémonos a citar e a expoñer a causa das modificacións e as solucións propostas en cada titulación.

2.1 Grao en Física

A CCD realizou o informe do seguimento da titulación do Grao en Física e aprobouse na CCD o 28 de Marzo de 2022

Durante o curso 2020-2021, a Facultade de Física diseñou unha actividade académica onde a docencia expositiva foi impartida fundamentalmente on-line dando prioridade, no que se refire á presencialidade, á docencia experimental e interactiva. Dependendo do número de alumnos

matriculados nas asignaturas o nivel de presencialidade variou nos distintos cursos do Grao de Física. As clases expositivas de primeiro, segundo e tercer curso do Grao foron retransmitidas mentres que as interactivas se impartiron en xeral de forma presencial; os laboratorios organizáronse por quendas. Nalgunhas materias habilitáronse aulas espello no primeiro semestre pero o alumnado manifestou a súa preferencia para seguilas dende casas. En cuarto curso ao contar cun menor número de alumnos matriculados, as clases expositivas das materias optativas impartíronse de forma presencial. O alumnado do primeiro curso asistiu ao acto de benvida por quendas. En xeral, para o alumnado sen materias de cursos anteriores pendentes, a tipoloxía de clases, interactivas ou expositiva, era a mesma ao longo dunha mesma sesión. Sen embargo o alumnado matriculado en materias de cursos distintos podía ter ao longo dunha mesma sesión clases interactivas e expositivas. Para este alumnado habilitáronse nos vestíbulos das plantas 1 e 2 do Bloque II e nos pasillos do Bloque IV espazos específicos para o seguimento das clases telemáticas. Esta opción foi viable debido á prohibición do alumnado a circular por vestíbulos e corredores, salvo o estritamente necesario.

A docencia no laboratorio tivo que adaptarse ás medidas de cumprimento obrigado das distintas guías e bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura. Elaborouse un protocolo de uso de laboratorios docentes que foi distribuído ao alumnado e ao profesorado vía correo electrónico e vía o Campus Virtual. En xeral, as prácticas en laboratorio desenvolveronse parcialmente de forma síncrona presencial no laboratorio. En promedio cada alumno realizou presencialmente o 50% das prácticas. Os seminarios asociados tiveron lugar de forma síncrona pero en remoto. De forma xeral o seguimento do **cumprimento das guías docentes** realízase: primeiro en reunións dos coordinadores de cada curso académico co profesorado e alumnado e segundo en reunións da Comisión de Grao. As reunións teñen unha periodicidade de 6 meses. Nos dous semestres do curso non se rexistrou ningún incumprimento dos programas.

O Grao de Física dispón dun mecanismo de coordinación horizontal integrado polos coordinadores de curso, o coordinador de Grao e o coordinador de laboratorios. A raíz da declaración da pandemia, invitouse aos directores de departamento a participar nas discusións e na toma de decisións. Durante todo o período de docencia non presencial o equipo de coordinación anticipouse na identificación de problemas tecnolóxicos, ou de tipo administrativos; realizou un seguimento periódico da actividade docente expositiva, interactiva de seminario e de laboratorio; coordinou e revisou as modificacións das programacións docentes; coordinou e revisou os novos métodos de avaliación das diferentes materias así como os novos calendarios de exames; e deseñou o modelo de programación docente en tres escenarios para o curso seguinte. Mantivéronse reunións telemáticas periódicas do equipo decanal cos delegados de curso e coa Delegación de Alumnos de Física. Nelas a alumnado informaba ao decanato do que eles consideraban boas prácticas e dos aspectos susceptibles de mellora. Nas actas da CG pódense atopar os informes que evidencian estas reunións.

No informe de seguimento da titulación preséntase cada ano unha **análise do perfil de ingreso** do estudiantado no Grao en Física. Á vista dos indicadores de calidade e dos indicadores da CIUG dedúcese que existe unha coherencia total entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título. En canto ao **perfil dos egresados**, a Facultade de Física dispón de información moi limitada con respecto á inserción laboral dos mesmos. Unha acción de mellora está prevista para o curso 2020-2021 co obxectivo de intentar recabar esta información.

Ao finalizar a titulación, a medida na que os titulados acadan os **resultados de aprendizaxe previstos na memoria** ven reflectida nunha análise das taxas de éxito, de graduación e rendemento. Durante o

curso 2020-2021, as taxas de éxito e rendemento diminuíron con respecto a cursos anteriores (éxito 82.7% (2020-2021) 91,46 % (2019-2020) e rendemento 70.32% (2020-2021) 83.27% (2019-2020)) pero se sitúan en valores similares aos obtidos antes da pandemia. Pola contra, a taxa de gradación, continúa á alza 53.16% (2020-2021) e 45,16% (2019-2020), amosando aínda un efecto de subida (ver histórico no informe de seguimento do Grao) debido á Instrucción da Secretaría Xeral nº2/2020 para a aplicación do artigo 4.3 do Acordo do Consello de Goberno do 22 de Abril de 2020, polo que se regula o réxime especial de avaliación do curso 2019/2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19.

No curso 2020-2021 o número de TFG's defendidos foi excepcionalmente alto, o que constitúe unha anomalía con respecto a cursos anteriores (ver Directriz 3.1)

A información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación recóllese nos distintos informes. En canto á satisfacción do alumnado coa titulación (INF-22), esta arroxa resultados peores; os ítems mellor valorados son os de información sobre a titulación (3.10/5), os trámites de matrícula (3.95/5), a atención prestada pola administración e servizos (3.80/5), o Campus Virtual (3.65/5) e os horarios (3.30/5), os ítems peor valorados son a distribución de carga de traballo (1.30/5), o calendario de probas (2.30/5), as infraestruturas e materiais dispoñibles (2.40/5), a organización da titulación (1.85/5) e o equilibrio teórico-práctico (1.95/5). Compre destacar que o índice de participación foi moi baixo dun 5.81%. Aínda así os resultados con respecto á organización da titulación preocupan ao equipo decanal o cal iniciou unha rolda de reunións cos coordinadores de cada curso co fin de introducir melloras. En particular propúxose un calendario común por curso para ter unha visualización global das actividades das distintas materias do mesmo curso para evitar solapamentos.

As enquisas de satisfacción dos egresados cambiaron con respecto a cursos anteriores e agoran non amosan información individualizada por titulación senón que proporcionan indicadores comúns para todas as titulacións. De momento non temos datos do curso 2020-2021.

2.2 Máster Universitario en Física

A coordinadora do Máster Universitario en Física (MUF) en colaboración coa CCD en Física realizou o Informe de seguimento do Máster. O informe foi aprobado pola CCD o 24 de Marzo 2022.

Do mesmo que para a titulación do Grao en Física o seguimento do **cumprimento das guías docentes** realízase a través de reunións. No caso do MUF unha primeira reunión ten lugar entre os coordinadores de especialidade e o alumnado e despois en reunións da Comisión Académica do Máster (CAM) e a coordinadora do mesmo. As reunións teñen lugar sempre que xorde algún problema ou necesidade. Ademais faise unha revisión de semestre cunha periodicidade de 6 meses. No curso 2020-2021 non se rexistrou ningún incumprimento dos programas a pesar das dificultades da adaptación á docencia producidas pola pandemia do COVID-19.

Os **mecanismos de coordinación** establecidos no Máster en Física articúlanse en torno ás figuras do coordinador da titulación, dos coordinadores das especialidades, dos coordinadores da materia e do delegado do alumnado.

A **análise do perfil de ingreso** no Máster Universitario en Física realízase cada ano no infome de seguimento da titulación. Nos últimos cursos, o perfil de ingreso dos alumnos do máster correspondíase maioritariamente co dun graduado en Física cunha procedencia maioritaria da USC (no curso 2020-2021 tivemos un estudante de MSc+DIC in Physics Universidad de Cardiff.). Respecto ao **perfil dos egresados** non disponemos de datos sobre a súa empregabilidade. Anos anteriores diseñouse un cuestionario para recoller a información pero a participación dos egresados non foi moi significativa. Unha acción de mellora diseñouse coa fin de recabar información a través doutras canles: seguimento individual a partir da información da rede ou a través dos egresados cos que se matén relación.

Os **resultados de aprendizaxe previstos na memoria** preséntanse pormenorizados no informe de seguimento do título. No curso 2020-2021, as taxas de éxito e graduación por materia son do 100% e a de rendemento do 97,40% valor lixeiramente inferior ao do curso anterior. Os indicadores dos resultados acadan valores altos, incluso mellores que o previsto na Memoria do Título. A taxa de abandono, que no curso 2019-2020 acadou un valor de cero (desde o curso 2014-2015) mantense neste valor. A duración media dos estudos situase en 1.12 anos, valor lixeiramente superior ao obtido no curso anterior.

A **información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación** analízase no Informe de seguimento da titulación que amosa, de forma xeral, uns indicadores positivos aínda que cunha participación moi baixa. Os ítems mellor valorados son os relativos aos recursos educativos e as plataformas de docencia virtual.

2.3 Master en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable (MERYCSE)

O coordinador do Máster (MERYCSE) en colaboración coa CCD en Física realizou o Informe de seguimento do Máster que foi aprobado na CCD o 22 de Marzo 2022.

O plano de estudos desenvólvese segundo o especificado na memoria verificada no que respecta ao conxunto de materias que constitúen a oferta docente, tanto obrigatorias como optativas. A oferta do MERYCSE reforza aqueles aspectos máis relacionados coa parte práctica, colaboración con empresas e a internacionalización, punto que esperamos poda colaborar na mellora dos programas de mobilidade, cooperación internacional e captación de alumnado para o Programa de Doutoramento. A CAM do Máster revisa e aproba as **guías docentes** das distintas materias e fai un seguimento do seu **cumprimento**. Os prazos e procedementos establecidos na normativa de avaliación respéctanse e a maioría das actas asínanse en prazo, seguindo o marcado nos procedementos do SGIC. No curso 2020-2021 non se observou ningún incumprimento das guías docentes. A pandemia do COVID-19 e o confinamento nalgúns países do EEES impediron desenvolver axeitadamente a mobilidade esperada neste Máster.

Os **mecanismos internos de coordinación** establecidos no MERYCSE son: coordinador da materia, coordinador da módulo, coordinador do Máster e o delegado de estudantes, que se elixe ao comezo de cada curso entre o alumnado para actuar como interlocutor entre os estudantes e os distintos coordinadores ou a propia CAM.

O **perfil de ingreso** do MERYCSE, como non pode ser doutro xeito, é tremendamente transversal e abarca a Titulados universitarios nas Ramas de:

- Ciencias: Bioloxía, Biotecnoloxía, Ciencias Ambientais, Ciencias do Mar, Física, Xeoloxía, Matemáticas, Química e Bioquímica, ou outras titulacións equivalentes.
- Enxeñería e Arquitectura: Enxeñeiros, Enxeñeiros Técnicos, Arquitectos, Arquitectos Técnicos, ou outras titulacións equivalentes.
- Ciencias Sociais e Xurídicas: Administración e Dirección de Empresas e Economía, ou outras titulacións equivalentes.

Respecto ao **perfil dos egresados**, a información á que ten acceso o centro relativa ao destino dos egresados é limitada xa que o curso 2020-2021 corespondese coa terceira promoción de egresados. A coordinación do Máster esta en contacto directo cos egresados, algún deles en fase de tese de doutoramento. En xeral o grao de satisfacción xeral dos egresados coa Titulación é de 3,26 sobre 5 (IN42M). Co fin de aumentar a información sobre o destino dos egresados, a CAM do Máster diseñou unha acción de mellora para facer un seguimento dos egresados AM 7

Os **resultados de aprendizaxe previstos na memoria** preséntanse pormenorizados no informe de seguimento do título. Os resultados obtidos ata o momento son altamente satisfactorios desde a súa implantación. Os valores cuantitativos estimados para os indicadores foron: Taxa de rendemento: 94,44 % Curso 2018/19, 96,35 % Curso 2019/20, 96,99 % Curso 2020/21. Taxa de avaliación: 94,44 % Curso 2018/19, 97,01 % Curso 2019/20, 96,99 % Curso 2020/21. Taxa de éxito: 100 % Curso 2018/19, 99,32 % Curso 2019/2020 e 100% Curso 2020/21.

A **información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación** analízase no Informe de seguimento da titulación que amosa, de forma xeral, uns indicadores satisfactorios.

Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirlles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.

Aspectos que contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
 - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
 - Admisión do alumnado (acción de captación).
 - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
 - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
 - Mobilidade.
 - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
 - Avaliación da aprendizaxe
 - Prácticas externas.
 - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).

- Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

A adecuación dos **procedementos relacionados coa garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación** realízase conforme aos procesos de planificación das ensinanzas do SGC entorno aos cinco procesos: PC-01 Análise do perfil de ingreso e captación, PC-02 Planificación das ensinanzas, PC-03 Apoio aos estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas.

A Facultade de Física aplica **as normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación)** para as titulacións adscritas ao centro. A información sobre as normativas pódese atopar na páxina web do centro <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-fisica>

A CCD e a CT realizan un seguimento dos procesos e fan unha análise dos indicadores relativos ao ensino, aprendizaxe e avaliación que aparece recollida nos informes de seguimento de cada titulación. Nos seguintes apartados indicaremos os resultados mais destacables para cada título do centro.

3.1 Grao en Física

O proceso de **admisión** ao Grao en Física realízase conforme ao establecido na normativa de acceso que regula o acceso ao Sistema Universitario Galego (SUG). O Grao de Física ten un carácter único dentro do SUG. A demanda nos últimos anos aumentou de forma significativa. Ao tratarse dunha disciplina STEM proporciona unha gran versatilidade de competencias que son apreciadas polo alumnado. A Facultade de Física participa activamente nos programas de **captación de alumnado** entre a Universidade e o ensino secundario.

-STEMbach: O profesorado da Facultade participa no programa STEMbach centrado en despertar vocacións en disciplinas STEM

-A Ponte co ensino Medio: Unha porcentaxe elevada do profesorado da Facultade participa no programa A Ponte, visitando centros de ensino medio para dar a coñecer á USC e as súas titulacións ou para impartir conferencias temáticas, organizando os encontros na USC. Unha evidencia clara é o número de charlas impartidas polo profesorado da Facultade en IES (27 charlas fonte: Memoria 2020/2021 do programa A Ponte) que ademáis aumenta cada ano.

-Unha Enxeñeira ou Científica en cada Cole: Profesoras do centro participan tamén nesta iniciativa promovida pola oficina de igualdade de xénero da USC e o Concello de Santiago de Compostela, centrado en visibilizar ás enxeñeiras e científicas como referentes nas disciplinas coñecidas como STEM. Estas actividades realizáronse algunhas online debido ás incidencias COVID-19

A Facultade de Física oferta **complementos formativos** a través do plan acción tutorial. No curso 2020-2021 as accións destinadas a reforzar, orientar e potenciar actividades como cursos e conferencias realizáronse esencialmente online.

No que respecta á **orientación académica e profesional** as accións canalízanse en forma de charlas orientativas e cursos de formación. No curso 2020-2021 realizáronse (ou ben online ou presenciais)

- Xornadas de acollida
- Cursos de competencias transversais: Latex (1 ECTS), Competencias en información (biblioteca)
- Xornadas de Orientación Profesional

No curso 2020-2021 as Xornadas de Orientación Laboral tiveron como obxectivo vincular a formación, adquirida ao cursar os estudos de Grao e/ou Máster, co mundo empresarial mais innovador, ademais de proporcionar información sobre as opcións de emprego e o proceso de integración laboral. Unha evidencia que amosa o grao de efectividade da acción de mellora levada a cabo son as ofertas recibidas polo alumnado para a incorporación nalguna das empresas que participaron nas xornadas.

En canto á **mobilidade** saínte na Facultade de Física a demanda de prazas ERASMUS e SICUE é sempre importante. No curso 2020-2021, asignáronse 21 prazas de Erasmus das 23 solicitudes presentadas. Das 21 prazas asignadas, só se realizaron 13 mobilidades. Isto foi debido a renuncias por parte do alumnado polo carácter unicamente telemático das clases nas Universidades de destino. Así mesmo a Universidade de Groninga nos países baixos rexeitou a mobilidade despois de ter asignado as prazas de mobilidade. No programa de intercambio SICUE recibimos 12 solicitudes que cumprían os requisitos e a pesar de que asignamos 10 destinos definitivos só participaron en mobilidade SICUE 6 persoas (renunciando o resto á mobilidade). O número tan alto de renuncias do curso 20/21 atribuímoslo á que a maioría das Universidades non ofertaban un escenario presencial ou semi-presencial diminuíndo, en consecuencia, o interese do alumnado na mobilidade.

En total no programa ERASMUS ofertáronse 36 prazas a través dos 24 convenios que a Facultade de Física ten asinados.

Atendendo ao aumento da demanda na mobilidade saínte nos últimos cursos o decanato solicitou a creación de novos convenios á Oficina de Relacións Exteriores da USC pero non se puideron abrir novos destinos porque a mobilidade está en proceso de revisión e se renovará nos próximos cursos. Dentro do programa SICUE ofertáronse 37 prazas a través dos 20 convenios asinados. No curso 19/20 asináronse novos convenios para os dobres graos e asináronse acordos con 8 Universidades para os dobre graos de Matemáticas e Física e Física e Química que entraron en vigor no curso 2020-2021.

Neste curso o indicador de mobilidade INF04 recolle a satisfacción coa mobilidade de toda a USC e non presenta un desglose por Facultades. Da totalidade de enquisas cubertas 51, só un 6.12% corresponde á taxa de resposta do Grao en Física. En xeral, a mobilidade está ben valorada ao redor dun 4.51 sobre 5, pero hai certos ítems que acadan unha valoración por debaixo da media, como por exemplo a preparación lingüística proporcionada pola USC (2.78) e a cuantía da bolsa ou axuda económica recibida durante a estancia (2.68).

As **metodoloxías de ensinanza** empregadas no Grao en Física dependen de cada materia e profesor/a. De forma xeral, as metodoloxías organízanse en torno a clases expositivas, interactivas, sesións de laboratorio, titorías en grupos reducidos, realizacións de memorias individuais ou en grupo etc... O PDI da Facultade de Física amosa interese en mellorar as competencias docentes e de xestión e participa de forma activa nos cursos de Programación e Formación Docente que organiza a USC. No curso 2020-2021, a participación da plantilla de PDI que imparte docencia no Grao en Física, diminuíu con respecto ao curso pasado situándose nun 20.90%. Este efecto atribuímoslo a un coñecemento das ferramentas para docencia e avaliación telemáticas que acadou o seu pico durante o curso que se iniciou a pandemia 19/20.

En canto á **avaliación do aprendizaxe**, a memoria do grao establece un sistema de avaliación que consta basicamente de exames ou probas e unha serie de actividades de avaliación continua que contribúen, en xeral, á cualificación final entre un 25% e un 40%. A adquisición de competencias debe analizarse mediante os resultados destas avaliacións. Nas materias do módulo de técnicas experimentais, a avaliación das competencias é continua durante as sesións de laboratorio e a súa contribución á cualificación final pode chegar ao 100% sen ser necesaria a realización de exames. Estas particularidades están reflectidas nas programacións docentes.

Compre destacar que no curso 2020-2021 as metodoloxías tiveron que adaptarse á situación xenerada polo estado de alarma. As metodoloxías e ferramentas adoitadas polo profesorado durante o período do confinamento foron diversas. As clases expositivas desenvolvéronse a través da plataforma Teams e/ou subindo material explicativo, vídeos, notas do profesorado, presentacións narradas das leccións, recursos na rede no Campus Virtual . Para a resolución de dúbidas os métodos empregados variaron en función do profesorado e da circunstancia: videoconferencia por Teams/Skype, foros na aula virtual ou o correo electrónico institucional do alumnado. Mantívose a planificación inicial de clases expositivas e interactivas respectando o horario das clases presenciais

O Grao en Física oferta a posibilidade de realizar **prácticas externas** en empresas, organismos e estruturas de investigación nas que está integrado o profesorado da Facultade de Física (grupos de investigación, institutos e centros singulares). A cada estudante asígnaselle un titor profesional no centro no que vai realizar as prácticas (titor externo) e un titor académico na Facultade que se encarga de avaliar a memoria do traballo e de verificar que o alumnado acada as competencias asociadas. O Regulamento de Prácticas Externas describe exhaustivamente as tarefas de cada titor para garantir a adquisición das competencias. En xeral, a materia de prácticas externas ten moi boa acollida entre o alumnado. No curso 2020-2021, o Consello de Goberno do 30 de outubro de 2021 aprobou un acordo sobre a adaptación e avaliación das prácticas académicas externas na USC para o curso 2020-2021; onde se permitía que o alumnado realizase alomenos un 50% das horas de forma telemática.

No curso 2020-2021 tivo lugar unha convocatoria de prácticas externas curriculares. Na convocatoria de prácticas externas curriculares ofertáronse 37 prazas. Dos 46 alumnos que concorreron á convocatoria de prácticas externas curriculares, 15 quedaron en lista de agarda despois de ter asignado 31 das prazas ofertadas.

No que respecta aos **TFG**, no curso 2020-2021 defendéronse un total de 95 TFG dos 134 matriculados otorgándose 5 matrículas de honra, 71 sobresaíntes, 18 notables e 1 aprobados. Este curso o número de TFG defendidos sigue en aumento e representa case case o dobre con respecto ao valores anteriores á pandemia. A nota media por curso do TFG sitúase por enriba do 9,2. Ademais neste curso realizáronse 21 cotitorizacións a cargo de persoal de diferentes ámbitos profesionais: profesorado da USC e doutras universidades nacionais e estranxeiras, profesionais de institucións públicas (CESGA), investigadores nacionais e estranxeiros e PAS.

A CT e a CCD analizan os **resultados da aprendizaxe nas materias do título** e identifica cada curso aquelas materias cuxos resultados desvíanse moito da media. Nestes casos, estúdanse conxuntamente co profesorado os mecanismos que se poden aplicar no que se refire ás metodoloxías como aos métodos de avaliación. Atendendo á información dos INF.17 e INF.15 neste curso observase un pequeno descenso da taxa de éxito das materias do primeiro e segundo curso con respecto ao curso anterior. Esta caída ten a súa explicación no carácter presencial das probas de avaliación que devolveron as taxas de éxito aos valores pre-pandémicos.

Por último, en canto aos **indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**, a taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumando coa docencia recibida (IN48), aínda que aumentara significativamente no curso 2019/20 (41.76%) volveu a descender a valores pre-pandémicos (32.57%). Igualmente que en anos anteriores, o equipo decanato diseña accións adicadas a fomentar a participación e a dar unha maior difusión das enquisas. A valoración media foi de 3.79 no primeiro semestre (INF-13). Neste curso todos os ítems da enquisa teñen unha puntuación por enriba do 3.65/5 aumentando con respecto ao ano anterior. A programación e coordinación das materias, así como a atención do profesorado en resolución de dúbidas e titorías seguen a recibir as mellores valoracións. No primeiro semestre o ítem sobre o seguimento do cronograma temporal previsto antes da crise do COVID19 por parte do profesorado recibe unha valoración de 4.19/5 o que indica unha boa organización por parte do profesorado. Os indicadores de satisfacción do profesorado coa docencia (INF-14) impartida tamén melloran en moitos dos apartados e no global, ata un 4.07, pero cunha participación menor que outros cursos (28.57%). Unha análise detallada dos ítems amosa unha valoración de 3.5/5 en tódolos, agás no referido ao desenvolvemento da avaliación non presencial posta en marcha tras a declaración do estado de alarma

3.2 Máster Universitario en Física

O proceso de **admisión** no Máster Universitario en Física (MUF) está regulado polo regulamento do Máster e a memoria verificado do título. Dado que o obxectivo fundamental do máster é a especialización do alumnado en distintos campos da Física o perfil de entrada correspóndese na súa maioría a egresados en calquera titulación que proporcione unha formación sólida en Física e Matemáticas. A pesar de que, neste curso 2020-2021 a matrícula aumentou de forma considerable (30 dun total de 33) a CAM considera este dato anómalo e atribúe este efecto á non-presencialidade doutros másteres Europeos ou Nacionais. Polo tanto, a CAM continúa no seu empeño de aumentar a demanda e mantivo as diversas accións específicas destinadas a mellorar a **captación** do alumnado. Dunha banda a captación de estudantes procedentes de Universidades latinoamericanas coas que comparte lingua a titulación (galego e castelán). Por outro lado no curso 2019-2020 a Facultade de Física participou na primeira feria de másteres organizada pola USC para dar máis publicidade aos másteres. A feira tivo lugar de forma virtual debido ao confinamento, e Facultade de Física participou na segunda edición no curso 2021-2022. De acordo coa CAM insitiuse á Vicerreitorías con competencias na necesidade de adiantar e flexibilizar os prazos de inscrición para alumnado de fora do EEES co obxectivo de aumentar a demanda. No curso 2020-2021 non se puideron levar a cabo tódalas accións de mellora destinadas a incrementar a demanda debido a situación provocada pola pandemia do COVID-19 e polo tanto mantiveronse para o curso 2021-2022.

En canto aos **complementos formativos**, esta titulación non os contempla xa que o propio perfil de ingreso selecciona alumnado coa formación adecuada para poder afrontar con garantías a titulación.

Orientación académica e profesional. Na Facultade de Física organízanse cada dous anos Xornadas de Orientación Laboral. Nos cursos 2017/2018 e 2018-2019 (está en colaboración con Colexio Oficial de Físicos) foron presenciais; no curso 2019/2020 non se organizaron debido ao confinamento domiciliario, pero retomáronse no curso 2020/2021 que se organizaron de forma telemática.

Nestas xornadas participaron empresas, organizacións, egresados do Máster en Física e antigos alumnos de la Facultad de Física.

Ao tratarse dun máster dun ano de duración a **mobilidade** saínte é nula. Con todo nos últimos anos, recibimos mobilidade de entrada asociada ao programa ERASMUS ou por Equivalencia de estudos.

Da mesma forma que no Grao en Física as **metodoloxías de ensinanza** no Máster son variadas e dependen de cada materia e profesorado implicado. O desenvolvemento das actividades académicas e as metodoloxías correspondense ao establecido na Memoria de Verificación. As opcións utilizadas no Máster son moi semellantes ás mencionadas no epígrafe anterior. A pandemia forzou a modificar as metodoloxías habitualmente empregadas e utilizar material docente dixitalizado.

O proceso de asignación avaliación e seguimento das **prácticas externas** segue o mesmo esquema que na titulación de Grao e dacordo co [Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela](#). Da mesma forma que na titulación do Grao, no curso 2020-2021 as prácticas externas foron adaptadas á situación de pandemia seguindo o acordó aprobado en Consello de Goberno do 30 de outubro de 2021 segundo o que se permitía un 50% de presencialidade. No curso 2020-2021 ofertáronse 20 prazas e asignáronse 13 prazas.

O TFM é a materia na que se avalían as competencias adquiridas polo alumnado. Podemos asegurar que o proceso se desenvolveu con éxito en base ás seguintes evidencias:

- Os informes emitidos polos titores valoran de forma excelente o esforzo, implicación dos alumnos, así como a súa capacidade de traballo autónomo.
- Este curso defendéronse 26 traballos fin de máster.
- As cualificacións medias obtidas son moi altas (9.42 en 2015/2016, 9.658 no 2016/2017 e 9.26 no 2017/2018, 9.63 no 2018/2019, 9.26 en 2019/2020 e 9.51 2020/2021).
- O INF.14 Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida na que se considera que os estudantes mostran estar satisfeitos coa labor docente valorouse cun 4.57/5 (2015/16), 4.29/5. (2016/2017), 4.31/5 no curso 2017/2018, 4.69/5 (2018/2019) e 4.36/5 (2019/20). Non obstante non disponemos deste curso académico.

Os **resultados da aprendizaxe nas materias do título** son en xeral satisfactorios as taxa de éxito e de graduación son moi altas (100%). Ademais, o informe da Enquisa de satisfacción de egresados/ as do curso 2019-2020 (coberta por 1 estudante) reflicte un grao de satisfacción aceptable en relación coa adquisición de competencias relativas á capacidade de análise (5), e á capacidade de planificación, coordinación e organización (4). Neste curso, 2020-2021, o informe arroxa información a nivel USC, sen desagregar por titulación, sendo a formación práctica e a creatividade os ítems peor valorados

En canto aos **indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe** foronse describindo nos apartados anteriores. Compre destacar que en xeral as enquisas de satisfacción do alumnado e egresados coa docencia recibida e titulación teñen unha taxa de participación baixa e que se diseñou unha acción de mellora para o curso 2020-2021 destinada a obter mais información.

3.3 Máster Universitario en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable (MERYCSE)

O sistema de **admisión** do alumnado no Máster MERYCSE realizouse de acordo cos criterios e procedementos establecidos na convocatoria de matrícula da USC seguindo os principios de obxectividade, imparcialidade, mérito e capacidade. O Máster ten unha demanda importante e aumenta desde o seu ano de implantación: 7 alumnos do Curso 2019-20, 18 alumnos do Curso 2019-20, e 33 alumnos do Curso 2019-20 (contando os 2 cursos). O perfil de ingreso é moi diverso en canto a procedencia das titulacións como á orixe dos matriculados. A **captación** do alumnado faise a través das canles habituais difusión de información en formato web, dípticos informativos etc...

En canto aos **complementos formativos** esta titulación non estan contemplados xa que o perfil de ingreso selecciona ao alumnado que teñen a formación adecuada para poder afrontar a titulación.

Orientación académica e profesional. Na Facultade de Física organízanse cada dous anos Xornadas de Orientación Laboral. No curso 2017/2018 foron presenciais, no curso 2019/2020 non se organizaron debido ao confinamiento domiciliario, pero retomaronse no curso 2020/2021. Estas xornadas son accesibles para todas as titulacións do centro.

O Máster ten a intención de reforzar os programas de **mobilidade** no momento no que a situación socio-sanitaria así o permita. Dada a natureza do Máster estableceranse contactos con Universidades e Centros de Investigación de países de África e Europa, que unidos aos xa establecidos con Latinoamérica promoverán procesos de mobilidade máis atractivos ao alumnado ao aumentar a oferta tanto en cantidade como en diversidade. Ademais tamén se espera que no momento no que a Titulación estea asentada a porcentaxe de Profesores involucrados nos procesos de mobilidade aumente. No Curso 2018/19 situábase no 2,94 %. No Curso 2019/20 e no curso 2020/2021 non hai ningún proceso de mobilidade pero temos que contextualizar este dato na situación socio-sanitaria que estamos a vivir.

Como xa comentamos nas outras titulacións, as **metodoloxías de ensinanza** no MERYCSE son variadas e dependen de cada materia e profesorado implicado. Os obxectivos propostos para o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, a pesares do complexo deste ano por mor da COVID19, acadáronse razoablemente segundo o establecido na memoria permitindo ao alumnado a consecución das competencias sobradamente. Os **resultados de aprendizaxe e avaliación** non se viron particularmente afectados pola situación do estado de alarma. A demostración do aquí exposto pode visualizarse no grao de satisfacción do Profesorado coa docencia impartida (IN47M) no curso 2020/21 con valores de 4,23 sobre 5, e do alumnado coa docencia recibida e coa titulación (IN46M) no curso 2020/21 con valores medios nos dous semestres de 3,85 e 3,26 sobre 5 respectivamente e que mellora respecto ao curso 2019/20. A organización temporal de materias respecta o esquema do curso anterior por considerar que permite unha distribución de carga de traballo máis homoxénea, tendo en conta o deseño curricular típico do alumnado.

O proceso de asignación, avaliación e seguimento das **prácticas externas** segue o mesmo esquema que na titulación de Grao e dacordo co [Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela](#). No curso 2019/2020, diseñouse un protocolo especial para coordinar as Prácticas Externas asegurándose de que o estudante adquirise as competencias asociadas. Este protocolo está a funcionar eficientemente no curso 2020-2021. Todo o proceso séguese a través da Comisión de Prácticas, creada a partires da CAM como un intento de axilizar o proceso de deseño, asignación e seguimento das Prácticas Externas. O proceso de oferta de prazas é público seguindo os procedementos que a USC ten prescritos para tal fin. Aínda así estanse a desenvolver melloras para facer mais áxil o proceso do establecemento da oferta e do seguimento das

Prácticas nas Empresas e/ou Institucións. A maior parte do alumnado rematou as Prácticas Externas obtendo máxima cualificación

O TFM é a materia na que se avalían as competencias adquiridas polo alumnado. Tendo en conta que o Máster ten unha duración de 3 semestres haberá que esperar un par de anos para ter unha visión mais axeitada dos resultados. Non esquezamos que este Máster se desenvolve durante tres semestres e polo tanto estamos a piques de ter os resultados da terceira promoción. Os 11 TFM's defendidos da primeira edición, obtiveron cualificacións moi exitosas.

Os **resultados da aprendizaxe nas materias do título** son en xeral satisfactorios as taxa de éxito (IN35M, IN50M) (100%) e de avaliación (IN36M) son moi altas (96.99%). Na titulación estase a constatar ata o momento, unha elevada satisfacción do alumnado coa formación recibida, cuns resultados similares aos da media da Universidade de Santiago, estando de media en 3,26 sobre 5, polo que podemos cualificar os resultados como certamente positivos, e acordes co nivel do MECES.

En canto aos **indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe** foronse describindo nos apartados anteriores. Compre destacar que sendo un Máster de recente implantación os indicadores non permiten aínda facer unha análise global da titulación e haberá que esperar a que o Máster estea asentado.

Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)

Aspectos que contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
 - Formación do profesorado e mobilidade.
 - Actividade investigadora.
 - Detección de necesidades de persoal académico.

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
 - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
 - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
 - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

- o Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

4.1 Persoal académico

Critérios de suficiencia e adecuación

A Facultade de Física conta cun persoal de profesorado suficiente e altamente cualificado nas tres titulacións que imparte. A media de idade do profesorado é elevada, o que urxe á Universidade para planificar unha renovación de persoal gradual que supoña a incorporación de novo PDI nos próximos anos.

Tipoloxía do profesorado por titulación

Os equipos docentes do Grao en Física e do Máster Universitario en Física están compostos na súa gran maioría por PDI pertencente aos Departamentos da Facultade de Física. No que respecta ao MERYCSE, a procedencia do profesorado é máis variada que nas outras titulacións. O equipo de docentes está composto por docentes da USC a maiores dos procedentes de empresas e administración. Os docentes da USC pertencen a 13 Departamentos distintos.

Segundo os informes E15 a procedencia é a seguinte:

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA		
Título	Grao en Física	Centro
Departamento	Área	Número
Bioloxía Funcional	[412] Fisioloxía Vexetal	2
Electrónica e Computación	[075] Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial	5
	[250] Electrónica	5
Física Aplicada	[247] Electromagnetismo	10
	[385] Física Aplicada	11
	[647] Óptica	13
Física de Partículas	[390] Física Atómica, Molecular e Nuclear	34
	[395] Física da Materia Condensada	21
	[405] Física Teórica	21
Matemática Aplicada	[038] Astronomía e Astrofísica	1
Matemáticas	[005] Álgebra	3
Química Física	[755] Química Física	4
Total general		130

PROFESORADO DO TÍTULO POR DEPARTAMENTO E ÁREA		
Título	Máster Universitario en Física	Centro
Departamento	Área	Número
Ciencias Morfolóxicas	[027] Anatomía e Embrioloxía Humana	1
Electrónica e Computación	[250] Electrónica	1
Física Aplicada	[247] Electromagnetismo	3
	[385] Física Aplicada	10
	[647] Óptica	10
Física de Partículas	[390] Física Atómica, Molecular e Nuclear	15
	[395] Física da Materia Condensada	15
	[405] Física Teórica	14
Química Orgánica	[765] Química Orgánica	1
Total general		70

TIPOLOXÍA DO PROFESORADO DO TÍTULO

Título	Máster Universitario en Enerxías Renovables, Cambio Climático e Desenvolvemento Sustentable	
Categoría	Número	
Contrato Posdoutoral Xunta		1
Investigador/a: Programa Juan de la Cierva - 80 horas		1
Profesor/a: Catedrático/a de Universidade		6
Profesor/a: Emérito/a LOU		1
Profesor/a: Profesor/a Contratado/a Doutor/a		6
Profesor/a: Titular de Universidade		14
Total general		29

A seguinte táboa amosa a tipoloxía do profesorado por curso na titulación do Grao en Física no curso 2020-2021

GRAO EN FÍSICA											
	CU	CEU	PTU	PTEU	PCD	RyC	PDX	JdC	Predout	Invest. JIN	Intv T3
Primeiro Curso	7		22		6				15		
Segundo Curso	9		14		5	1			10	1	
Terceiro Curso	9	1	23	1	4	1		1	25		
Cuarto Curso	7		24		4		3		17		
TFG	12	1	34		7	3	1				1
Prácticas Externas	1	1	8		4	1					

A seguinte táboa amosa a tipoloxía do profesorado por curso na titulación do Máster en Física no curso 2020-2021

MÁSTER EN FÍSICA : Perfil do profesorado de máster: categoría e dedicación

Categoría	Número (porcentaje) / porcentaje de horas asignadas					
	2020-2021	2019-2020	2018-2019	2017-2018	2016-2017	2015-2016
Catedrático de Universidade	12 (17.14 %)/ 27.46%	12 (16.21 %)/ 26.72%	12 (19%)/ 23.48%	12 (19.35%)/ 25.5%	13(22.80%)/ 29.66	16 (27.11%)/ 27.38%
Catedrático de Escola Universitaria	1 (1.43 %)/ 2.85%	1 (1.35 %)/ 2.80%		1 (1.61%)/ 2.94%	1(1.75%)/ 2.01%	
Profesor Titular de Universidade	39 (55.71 %)/ 55.67%	40 (54.05 %)/ 55.57%	38 (60.31%)/ 59.51%	36 (58.06%)/ 56.15%	36 (63.15%)/ 60.91%	36 (61.01%)/ 66.62%
Profesor Contratado Doutor	9 (12.86 %)/ 7.52%	11(14.86 %)/ 8.52%	8 (12.69%)/ 8.65%	8 (12.90%)/ 8.48%	5 (8.77%)/ 4.46%	4 (6.77%)/ 2.41%
Investigador Ramón y Cajal	3 (4,29%)/ 1.82%	3 (4,05%)/ 1.51%		1 (1.61%)/ 1.18%		1 (1.69%)/ 0.84%
Investigador Juan de la Cierva		2 (2,70 %)/ 1.12%	1(1.58%)/ 0.9%			
Contrato Postdoctoral Xunta	2 (2.86%)/ 2.83%	1 (1.3%)/ 0.84%		1 (1.61%)/ 2.65%		
Contrato Predoctoral Ministerio				1 (1.61%)/ 1.18%		
Contrato Postdoctoral					1 (1.75%)/	1 (1.69%)/

Ministerio					0.94%	0.80%
Profesor Emérito LOU	4 (5.71 %)/ 2.11%	4 (5.4 %)/ 2.91%	3 (4.76%)/ 2.36%	1 (1.61%)/ 1.77%	1 (1.75%) / 2.05%	1 (1.69%)/ 1.88%
Área externa		-	1 (1.58%)/ 0.16%	1 (1.61%)/ 0.16%		
TOTAL	70	74	63	62	57	59
EXPERIENCIA DOCENTE E INVESTIGADORA DEL PROFESORADO DEL MÁSTER						
	2020-2021	2019-2020	2018-2019	2017-2018	2016-2017	2015-2016
Sexenios	330	352	223	207	189	207
Quinquenios	397	430	269	252	248	254
6*Sexenios/(5*Quinquenios) Valor ideal= 1	0.997	0.982	0.995	0.986	0.914	0.977

A seguinte táboa amosa a tipoloxía do profesorado por curso na titulación do MERYCSE no curso 2020-2021

MÁSTER UNIVERSTARIO EN ENERXÍAS RENOVABLES, CAMBIO CLIMÁTICO e DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE (2020-2021)			
PDI-Categoría	Número de profesores/as	Porcentaxe de profesores/as (%)	Porcentaxe de horas asignadas (%)
Catedrático de Universidade	6	20.69	16.13
Profesor Titular de Universidade	14	48.28	48.16
Profesor Contratado Doutor	6	20.69	28.11
Investigador Juan de la Cierva	1	3.45	3.32
Contrato Postdoutoral Xunta	1	3.45	1.19
Profesor Emérito LOU	1	3.45	3.08
TOTAL	29	100	100

Formación do profesorado e mobilidade

O profesorado das tres titulacións obxecto desta memoria participa de forma activa nos cursos do Programa de formación e innovación docente (PFID) organizados pola USC na busca dunha mellora da calidade docente. No curso 2020-2021, a participación da plantilla de PDI que imparte docencia nas tres titulacións adscritas á Facultade de Física, diminuíu con respecto ao curso pasado tal e como se reflicte na seguinte táboa. Este efecto atribuímos a un coñecemento das ferramentas para docencia e avaliación telemáticas que acadou o seu pico durante o curso no que se iniciou a pandemia 19/20.

Porcentaxe de Participación nos cursos do PFID			
Titulación	2018-2019	2019-2020	2020-2021
Grao en Física	9.76	31.11	20.90
MUF	28.20	32.88	25.00
MERYCSE	15	37.14	27.27

En canto a mobilidade, Aínda que a porcentaxe de participación do profesorado en programas de mobilidade docente é tradicionalmente moi baixo (1.52% en 2018/2019 e de 1.69% en 2015/16, non temos datos desde o curso 2016/17) a mobilidade por motivos de investigación é das máis elevadas da USC. Durante o 2018 tramitáronse 186 permisos e 18 licenzas de Investigación. No curso 2019 tramitáronse 10 licenzas de investigación (superiores a 7 días) e ao redor duns 180 permisos curtos. Dende o 1 de xaneiro de 2020 ata o 12 de marzo de 2020 tramitáronse 37 permisos, a partir de aí apenas se tramitaron debido á redución da mobilidade imposta debido á pandemia por COVID_19. No curso 2020/2021 a mobilidade do profesorado foi moi reducida e só se tramitaron un par de licenzas. Como alternativa intensificouse a participación telemática de seminarios, cursos ou conferencias.

Actividade investigadora e académica

A experiencia investigadora e docente ven reflectida no número de sexenios (recoñecemento de mérito investigador) e quinquenios (recoñecemento de mérito docente) acadados polo PDI permanente que imparte clases nas titulacións do centro. A continuación presentamos as táboas cos indicadores da actividade docente e investigadora dos títulos adscritos á Facultade.

Grao en Física	2019-2020	2020-2021
Sexenios	311	329
Quinquenios	410	415
6*Sexenios/(5*Quinquenios) Valor ideal= 1	0.910	0.951

Máster Universitario en Física	2019-2020	2020-2021
Sexenios	240	236
Quinquenios	299	286
6*Sexenios/(5*Quinquenios) Valor ideal= 1	0.963	0.990

MERYCSE	2019-2020	2020-2021
Sexenios	82	81
Quinquenios	113	110
6*Sexenios/(5*Quinquenios) Valor ideal= 1	0.871	0.883

Porcentaxe sobre o PDI total	GRAO			MASTERES			
	Física	A. Ciencias	USC	MUF	MERYCSE	A. Ciencias	USC
PDI con Sexenios IN24	97.70	--	85.47	98.39	88.46	--	89.11
PDI Doutor IN25	98.85	--	84.17	100	100	--	90.13
PDI Funcionario IN26	88.51	--	58.56	80.30	74.07	--	60.40

Nas tres titulacións obxecto desta memoria a maioría do profesorado ten acadado o grao de doutor (IN25), porcentaxe que supera á media da USC. Este ano non disponemos dos valores medios da área de ciencias pero anos anteriores con índices semellantes superábamos esta media. O resto de indicadores, porcentaxe de PDI funcionario sobre o total (IN26) e PDI con sexenios (IN24), tamén se sitúan por enriba da media da USC, salvo o IN24 na titulación do MERYCSE que iste curso é lixeiramente inferior á media da USC.

Detección de necesidades do persoal académico

A Facultade de Física fai un seguimento dos resultados das enquisas de satisfacción deste colectivo coa docencia impartida, as cales amosan índices altos. A satisfacción do PDI co plano de formación ten índices altos en cursos anteriores (4.46). Este curso a información non aparece detallada por Facultades. Ademais os índices de satisfacción da plantilla da USC coa docencia impartida ou coa titulación amosan valores por enriba de 4.0 puntos na maioría dos ítems (ver informe de seguimentos para unha análise pomenorizada)

4.2 Persoal de apoio (PAS)

Criterios de suficiencia e adecuación

En principio o centro conta con persoal de apoio á docencia suficiente para atender as necesidades de docencia das tres titulacións impartidas. Con todo, botamos de menos a presenza dun Técnico de Informática. Este posto foi suprimido por mor dunha política de descentralización, ao noso xuízo equivocada, aplicada no ano 2015, que ademais considera as facultades como entidades que traballan de 8.00 a 15.00 horas. É preciso un traballador con destino no Centro que poida pór a punto e resolver as incidencias que xorden en tempo real, en particular as relacionadas coa actividade docente ao longo da mañá e ao longo da tarde xa que a dependencia das novas metodoloxías co material audiovisual e informático é cada vez maior

Área	Nº de postos
Conserxería	6
Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos	8 (2 sen cubrir no curso 2020-2021)
Biblioteca	5
Técnicos	5
TOTAL	24

Formación do persoal de apoio á docencia.

A participación do PAS nos Plans de Formación tamén experimentou un crecemento moi importante, 88.00%, de case un 40% con respecto ao curso anterior (62.96%) superando as cifras máis altas de participación que correspondían aos anos 2014/15 (55.6%) e 2016/2017 (55.56%). Este incremento pode deberse á necesidade de adaptarse ao traballo non presencial debido ao confinamento domiciliario.

Os resultados da enquisa de Satisfacción co Plan de Formación, á que responderon un 41% dos participantes, arroxa resultados a nivel da USC moi parecidos aos do curso anterior. A valoración é dun 7.64 sobre 10 e un 86.97% dos enquisados recomendaría o curso. Todos os ítems presentan valoracións similares. Os bloques Organización do curso, Obxectivos/contidos e Percepción de aprendizaxe reciben valoracións globais parecidas de 7.46, 7.69 e 7.64.

Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

O Informe de satisfacción do PAS da Facultade de Física (INF. 21) mostra un grao de satisfacción medio razoable lixeiramente superior á media da USC. No informe do curso 20/21 obsérvase unha resposta polarizada a cada ítem. Sorprende o número de ítems que teñen unha valoración mínima de 1. A maioría dos ítems cunha puntuación tan baixa están relacionados coa carga de traballo, coa coordinación da unidade ou coa coordinación entre as unidades da mesma Universidade ou coas condicións laborais do persoal que respondeu a enquisa.

Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.

Aspectos que contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
 - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
 - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
 - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
 - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado oriéntano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contempen a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

Mantemento dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación

A Facultade conta cos recursos materiais e servizos adecuados ás necesidades das titulacións adscritas ao centro. A docencia das materias das tres titulacións obxecto desta memoria impártense fundamentalmente no Edificio Central da Facultade e en dúas aulas do Bloque IV edificio do Monte da Condesa. Na páxina web do Centro figuran os espazos docentes, aulas e laboratorios, dispoñibles xunto co seu equipamento; tamén os locais postos a disposición dos estudantes tanto para o estudio, representación ou reunión.

O centro dispón dunha Sala de Lectura con 144 postos, unha Sala de Xuntas con capacidade para 50 persoas, unha segunda Aula de Informática con capacidade para 15 persoas, hemeroteca, biblioteca e local de alumnos cunha zona habilitada para estudo. Todas as aulas da Facultade de Física, destinadas a clases expositivas e interactivas de seminario, están dotadas do equipamento necesario para unha boa práctica docente: computador, vídeo proxector, conexión a internet, rede sen fíos, etc.

As clases interactivas de laboratorio impártense en locais que están debidamente acondicionados e equipados co material específico para desenvolver as prácticas da materia correspondente. Con todo, a ampliación e renovación dos recursos materiais e equipamento das aulas realízase de forma periódica para garantir unha mellora na calidade docente.

En base ao proceso PS-02 Xestión dos recursos materiais e servizos do Manual de Procesos do SGC o centro realiza un seguimento anual das necesidades de mantemento de infraestruturas e instalacións para a docencia e investigación. Dacordo cos obxectivos de calidade do centro: OC-3 *Mantemento das infraestruturas e instalacións para a docencia e investigación* e OC-4 *Dotar de recursos materiais os espazos docentes*, a Facultade diseña varias accións de mellora (OC-3 : GF-6, OC-4: GF-7) para reformar, ampliar e mellorar as aulas, espazos comúns e laboratorios docentes co obxectivo de conseguir transmitir unha imaxe dunha facultade moderna, comfortable e dinámica. A pesar de que a realización de obras estivo limitada no período 2020-2021, por mor da pandemia, no Bloque III da Facultade de Física continuouse coa obra de substitución da fontanería e saneamento programada en catro fases. Ademais tivo lugar unha intervención nunha baixante por problemas de ruptura. No curso 2020/21 continuáronse as obras de saneamento, substituíronse as instalacións de interiores de fontanería, realizouse unha intervención no tellado debido a infiltración de auga nos espazos docentes e axustáronse a normativa varias canalizacións de gas. O acondicionamento da aula de informática continuou como acción de mellora no exercicio económico do curso 2020-2021. En concreto, levouse a cabo a electrificación da aula 3 e dalgunhas aulas docentes. Outras accións foron necesarias para o continuo adecentamento dos espazos docentes como a substitución dalgunhas pantallas nas aulas e mercáronse ordenadores portátiles novos para uso do alumnado na biblioteca.

Na titulación do Grao en Física identificáronse necesidades específicas asociadas aos laboratorios das materias experimentais e constitúen un dos obxectivos de calidade do centro, OC-4 *Dotar de recursos materiais os laboratorios das materias experimentais do Grao en Física*. No curso 2020-2021 planificouse unha acción de mellora (GF-7) para cumprir co obxectivo marcado.

En canto á **accesibilidade universal e medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe** a Facultade conta cos servizos adaptados para a inclusión de persoas con discapacidades físicas, tanto para o acceso ás aulas (rampa de acceso, ascensores etc..) como para o seguimento das ensinanzas (postos adaptados en función das necesidades). A Facultade está preparada para acoller alumnado e persoal con mobilidade reducida. Regularmente o Servizo de Prevención de Riscos fai unha avaliación dos riscos potenciais aos que

están expostos os membros da Facultade nos seus postos de traballo co obxectivo de planificar medidas de prevención e protección. O centro está en contacto continuo coa Oficina de Prevención de Riscos para solucionar, coa axuda da Oficina de Xestión de Infraestruturas, calquera deficiencia que poida detectarse. No curso 2020-2021 non houbo ningunha incidencia. As normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente están ao dispor de todos os grupos de interese na páxina web institucional da USC.

En canto as servizos, o **Campus Virtual** é unha ferramenta moi útil e facilita as xestións académicas. Neste curso, durante a declaración do estado de alarma, foi especialmente importante a transmisión rápida e eficiente de información ao profesorado e ao alumnado. Para elo recorreuse aos cursos de coordinación do Campus Virtual que dunha forma sinxela e áxil permiten subir e distribuír información ao grupo de interese correspondente. En vista da eficiencia deste canle de comunicación, adoptouse como boa práctica consolidar o uso destes cursos. Evidentemente, a canle de comunicación para alumnos potenciais segue a ser a páxina web. No curso académico 2020/21 formalizouse a migración institucional a unha nova plataforma que permie un deseño máis versátil e manexable dentro das directrices corporativas. A información da titulación aparece dispoñible na intranet da titulación á cal se pode acceder desde a nova páxina web da Facultade de Física

Do INF.14 observamos que a valoración acadada polas plataformas postas a disposición pola USC para facilitar a comunicación co alumnado (correo electrónico, Campus Virtual, Teams, etc.) é moi alta 4.61/5. Compre destacar que durante a docencia non presencial, o profesorado amosouse satisfeito coas ferramentas e instrumentos desenvoltos pola USC manifestándose unha valoración de 4.0/5.

